

**MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 2 DO PXOM
DE CARBALLO
EN SOLO DE NÚCLEO RURAL E
SOLO RÚSTICO**

SITUACION:

CONCELLO DE CARBALLO (A CORUÑA)

PETICIONARIO:

CONCELLO DE CARBALLO

novembro2018

fc | a
arquitecturaurbanismo

álvaro fernández carballeda
beatriz aneiros filgueira
arquitectos

ÍNDICE DO DOCUMENTO

MEMORIA INFORMATIVA E XUSTIFICATIVA

1. INTRODUCCIÓN E ANTECEDENTES	1
1.1. MARCO LEGAL	2
1.1.1. Lei do Solo de Galicia.....	2
1.1.2. Regulamento da Lei do Solo de Galicia.....	2
1.2. CONVENIENCIA E XUSTIFICACIÓN.....	3
1.3. TRAMITACIÓN PREVIA	4
1.3.1. Trámite de consultas no procedemento de EAE simplificada.....	4
2. MEMORIA XUSTIFICATIVA DE FINS E OBXECTIVOS	9
2.1. DELIMITACIÓN DO ÁMBITO DA MODIFICACIÓN	9
2.1.1. Situación xeográfica	9
2.1.2. Situación sobre o planeamento xeral municipal.....	10
2.1.3. Edificacións existentes	10
2.1.4. Estrutura parcelaria	11
2.2. INFRAESTRUTURAS E SERVIZOS EXISTENTES	11
2.3. AFECCIÓN EXISTENTES	12
2.4. ANÁLISE DE RISCOS	13
2.5. DIAGNÓSTICO DA SITUACIÓN ACTUAL. PROBLEMÁTICA EXISTENTE.....	14
2.5.1. Loenzo de Abaixo	14
2.5.2. Vivente.....	15
2.5.3. San Miguel.....	17
2.5.4. A Igrexa	17
3. MEMORIA XUSTIFICATIVA DE FINS E OBXECTIVOS	19
3.1. ALCANCE DA MODIFICACIÓN PUNTUAL	19
3.1.1. Obxectivo.....	19
3.1.2. Función do planeamento proposto respecto da situación de partida.....	19
3.2. DESCRICIÓN DA ORDENACIÓN PROPOSTA	19
3.2.1. Criterios da ordenación proposta.....	19
3.2.2. Ordenación xeral proposta	20
3.3. ANÁLISE DA COMPATIBILIDADE ESTRATÉXICA.....	23
4. NORMATIVA PARA O DESENVOLVEMENTO DA MODIFICACIÓN	24
5. ESTRATEXIA DE ACTUACIÓN E ESTUDO ECONÓMICO	26
5.1. OBXECTO	27
5.2. ESTRATEXIA DE ACTUACIÓN.....	27

5.3. ESTUDO ECONÓMICO.....	28
5.3.1. Criterios de valoración. Módulos unitarios de custo da Modificación.....	28
5.3.2. Custo económico previsto	28
5.3.3. Análise da capacidade financeira do Concello	30
5.3.4. Balance económico do desenvolvemento do PXOM, e medidas de financiamento	30
5.4. CONCLUSIÓN.....	30
6. MEMORIA DE SUSTENTABILIDADE ECONÓMICA	32
7. DOCUMENTACIÓN A INCORPORAR / MODIFICAR NO PXOM	33
8. RESUMO EXECUTIVO	34
8.1. OBXECTIVO	34
8.2. ÁMBITOS NOS QUE A NOVA ORDENACIÓN ALTERA A VIXENTE	34
8.3. ÁMBITOS EN LOS QUE SE SUSPENDE EL OTORGAMIENTO DE LICENCIAS	35

ANEXO

ANEXO 1. FICHA DO CATÁLOGO DO PXOM DO POMBAL EN SAN MIGUEL

ANEXO 2. LICENCIAS DE OBRA E ACTIVIDADE PARA A AMPLIACIÓN DO CEMITERIO PARROQUIAL DE SAN LORENZO DE BERDILLO

ANEXO 3. RESOLUCIÓN DO 28 DE XUÑO DE 2018 POLA QUE SE FORMULA O INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO DA MOFICACIÓN PUNTUAL NÚM. 2 DO PXOM DE CARBALLO

ANEXO 4. DOCUMENTACIÓN A MODIFICAR/SUBSTITUIR NO PXOM DE CARBALLO

PLANOS

INFORMACIÓN

In-01. SITUACIÓN.....	1/10.000
In-02. FOTO AÉREA	1/2.000
In-03. PARCELARIO CATASTRAL	1/1.000
In-04.a. INFRAESTRUTURAS E SERVIZOS EXISTENTES. ABASTECIMENTO E SANEAMENTO.....	1/1.000
In-04.b. INFRAESTRUTURAS E SERVIZOS EXISTENTES. ELECTRICIDADE, GAS, TELECOMUNICACIÓNS E ILUMINACIÓN	1/1.000
In-05. AFECCIÓNS	1/2.000
In-06. PXOM DO CONCELLO DE CARBALLO.....	1/2.000


ORDENACIÓN

Or-01. ORDENACIÓN PROPOSTA	1/2.000
RE. RESUMEN EXECUTIVO	1/2.000

MEMORIA INFORMATIVA E XUSTIFICATIVA

1. INTRODUCCIÓN E ANTECEDENTES

O Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Carballo (en diante PXOM), foi aprobado definitivamente o 4 de febreiro de 2016. Devandito documento incorpora a ordenación de catro viais nos núcleos rurais de Loenzo de Arriba, Vivente, San Miguel e A Igrexa, os cales se desexa modificar o seu trazado.



Fonte: PXOM de Carballo

Neste ámbito preténdese realizar unha Modificación cuxo obxectivo é corrixir disfuncións nestes catro viais, xurdidas como consecuencia da execución dunha nova vivenda durante a tramitación do PXOM (no caso de Loenzo de Abaixo), por un erro na delimitación dun novo vial (no caso de Vivente), e para mellorar a mobilidade (no caso de San Miguel e A Igrexa).

Para dar cumprimento aos obxectivos fixados resulta necesario definir as seguintes actuacións nestas catro zonas:

- Cambiar o trazado do vial que atravesa o núcleo de Loenzo de Abaixo, evitando a afección á nova vivenda executada.
- Desprazar lixeiramente cara ao Norte o novo vial de acceso á estrada en Vivente, evitando afectar aos propietarios lindantes.
- Aumentar a sección do vial que da servizo á zona central do núcleo rural de San Miguel, creando unha zona a modo de praza, a fin de facilitar a mobilidade nesta zona ao xerar unha zona apta para o aparcamento.
- Ampliar o camiño de acceso ao cemiterio de A Igrexa (Berdillo), ata a nova zona onde o PXOM prevé a súa ampliación.

1.1. MARCO LEGAL

1.1.1. Lei do Solo de Galicia

A principal normativa a considerar na redacción dunha modificación de planeamento xeral é a Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (en diante LSG), e máis concretamente o seu artigo 83.

Artigo 83. Modificación dos instrumentos de planeamento urbanístico

- 1. Calquera modificación do planeamento urbanístico deberá fundamentarse en razóns de interese público debidamente xustificadas.*
- 2. A alteración do contido dos instrumentos de planeamento urbanístico poderá levarse a cabo mediante a revisión deles ou mediante a modificación dalgún dos seus elementos.*
- 3. Enténdese por revisión do planeamento xeral a adopción de novos criterios respecto da estrutura xeral e orgánica do territorio ou da clasificación do solo, motivada pola elección dun modelo territorial distinto, pola aparición de circunstancias sobrevidas, de carácter demográfico ou económico, que incidan substancialmente sobre a ordenación ou polo esgotamento da súa capacidade.*
- 4. Nos demais supostos, a alteración das determinacións do plan considerarase como modificación deste, aínda cando a dita alteración implique cambios na clasificación, na cualificación do solo ou na delimitación do ámbito dos polígonos.*
- 5. A revisión do planeamento e as modificacións de calquera dos seus elementos suxeitaranse ás mesmas disposicións enunciadas para a súa tramitación e aprobación.*
- 6. No caso das modificacións do planeamento xeral que teñan por obxecto a delimitación do solo de núcleo rural de acordo co establecido no artigo 23, tramitaranse seguindo o procedemento establecido no artigo 78 desta lei.*

Co anterior e tendo en conta o obxectivo que se persegue, xustifícase a non necesidade de redactar unha Revisión do plan.

O obxectivo do presente documento é mellorar a funcionalidade do sistema viario previsto; polo que se trata dunha razón de interese público derivada dunha necesidade real.

A Modificación mantén a capacidade residencial actual, e non implica a reclasificación de solo.

1.1.2. Regulamento da Lei do Solo de Galicia

Respecto aos obxectivos do presente documento, o RLSG establece o seguinte.

Artigo 200. Modificación dos instrumentos de planeamento urbanístico

- 1. Calquera modificación do planeamento urbanístico deberá fundamentarse en razóns de interese público debidamente xustificadas (artigo 83.1 da LSG).*
- 2. A alteración do contido dos instrumentos de planeamento urbanístico poderá levarse a cabo mediante a revisión deles ou mediante a modificación dalgún dos seus elementos (artigo 83.2 da LSG).*
- 3. Enténdese por revisión do planeamento xeral a adopción de novos criterios respecto da estrutura xeral e orgánica do territorio ou da clasificación do solo, motivada pola elección dun modelo territorial distinto, pola aparición de circunstancias sobrevidas, de carácter demográfico ou económico, que incidan substancialmente sobre a ordenación ou polo esgotamento da súa capacidade (artigo 83.3 da LSG).*
- 4. Nos demais supostos, a alteración das determinacións do plan considerarase como modificación deste, aínda cando a dita alteración implique cambios na clasificación, na cualificación do solo ou na delimitación do ámbito dos polígonos (artigo 83.4 da LSG).*
- 5. A revisión do planeamento e as modificacións de calquera dos seus elementos suxeitaranse ás mesmas disposicións enunciadas para a súa tramitación e aprobación (artigo 83.5 da LSG).*

6. No caso das modificacións do planeamento xeral que teñan por obxecto a delimitación do solo de núcleo rural de acordo co establecido no artigo 23 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e artigo 34 deste regulamento, tramitaranse seguindo o procedemento establecido no artigo 78 da dita lei e 191 deste regulamento (artigo 83.6 da LSG).

O mesmo procedemento será de aplicación para o suposto de modificacións das delimitacións de núcleos rurais, así como as que afecten as súas ordenanzas reguladoras.

Neste caso, dado que tanto a LSG como o RLSG establecen que “a revisión do planeamento e as modificacións de calquera dos seus elementos suxeitaranse ás mesmas disposicións enunciadas para a súa tramitación e aprobación”, resultará de aplicación o estipulado para a redacción do plan xeral.

1.2. CONVENIENCIA E XUSTIFICACIÓN

Tal e como se recolle no apartado anterior, o artigo 83 da LSG esixe que as modificacións de planeamento urbanístico fundaméntense en razóns de interese público debidamente xustificadas, as cales se detallan no presente apartado.

Por unha banda a execución dos viais tal e como están previstos pola actual ordenación, é inviable desde un punto de vista:

- Xurídico: no caso de Loenzo de Abaixo, pola existencia dunha nova vivenda con licencia previa á aprobación definitiva do PXOM, a causa da demora entre a aprobación inicial e definitiva do documento. Proceder a súa demolición para a execución dun novo vial, leva consigo implicacións xurídicas de difícil cuantificación e solventación. Ademais, a execución deste novo vial non se atopa incluída no estudo económico nin na estratexia de actuación do PXOM.

No caso do novo vial de Vivente, a existencia dun acordo previo coa propiedade da parcela lindante polo norte, desaconsellan a afectación a unha terceira propiedade (a lindante polo sur) que ademais non mellora a súa situación respecto á actualidade, e resulta innecesario para o desenvolvemento da actuación prevista no Plan Xeral.

- Económico: os custos de indemnización que implica executar os viais segundo o trazado previsto no PXOM, son moi elevados, polo que os beneficios que implican estas actuacións non resultarían proporcionais á inversión que debería realizar o Concello. Neste sentido salienta que mellórase a sustentabilidade económica do PXOM, mantendo a funcionalidade viaria.
- Técnico: a ampliación dos viarios previstos nos núcleos rurais de San Miguel e A Igrexa, posibilitan a creación dunha zona de uso público que mellora a posta en valor dos bens existentes, no primeiro caso, e facilita o acceso a unha dotación no segundo, determinacións que melloran a mobilidade dos núcleos que ten alta demanda deste servizo.

Para acadar esta actuación, o Concello adquirirá os terreos necesarios por algún dos medios establecidos no artigo 129 da LSG.

O obxectivo da presente Modificación é posibilitar a funcionalidade do sistema viario, polo que se trata de razóns de interese colectivo derivadas dunha necesidade real da poboación residente.

Coa Modificación proposta mantéñense as parcelas con acceso a vía pública previstas no Plan Xeral, non se ven afectados outros terceiros que visen menoscabados os seus dereitos edificatorios, e mellórase a mobilidade do sistema viario previsto.

As anteriores razóns para realizar a presente modificación son de interese público, xa que co seu desenvolvemento o planeamento urbanístico dará unha mellor resposta ás necesidades actuais da poboación do Concello.

1.3. TRAMITACIÓN PREVIA

Previamente á redacción do presente documento de Modificación, tramitouse ante a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, a correspondente Solicitud de Inicio (co Borrador do plan e o seu Documento Ambiental Estratégico), co obxectivo de que esta Administración decidise sobre a necesidade ou non de someter a Modificación ao procedemento ordinario de Avaliación Ambiental Estratégica establecido na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de Avaliación Ambiental.

Consecuencia do trámite anterior emitiuse a “Resolución do 28 de xuño de 2018 pola que se formula o Informe Ambiental Estratégico da Modificación Puntual número 2 do PXOM de Carballo” (ver anexo 3), na que se resolveu non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria a Modificación.

1.3.1. Trámite de consultas no procedemento de EAE simplificada

Como consecuencia do trámite anteriormente exposto, o órgano ambiental solicitou informe de diversas administracións e organismo implicados, recibíndose contestación dos seguintes.

- Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo
- Dirección Xeral do Patrimonio Cultural
- Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica
- Instituto de Estudos do Territorio
- Particulares

A continuación inclúese a análise dos informes recibidos, así como o grao de incorporación das súas determinacións no documento.

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO

O informe inclúe as seguintes consideracións.

1. Modificación de viario en Loenzo de Abaixo (parroquia de Bértoa).

Procederase a unha maior xustificación das razóns de interese público da modificación, máis alá da actual titularidade privada dos terreos e da edificación, que por si só non é suficiente tendo en conta a diminución da capacidade e funcionalidade do viario (artigo 83.1 da LSG).

Tendo en conta o anterior, modifícase a proposta de viario, ampliando a sección no fondo do mesmo. Co anterior, mantense a funcionalidade do viario respecto o previsto no PXOM, xa que ningunha parcela perde acceso dende vía pública, e facilítase o xiro dos vehículos permitindo o cambio do sentido.

2. Modificación de viario en Vivente (parroquia de Ardaña).

Incorporaranse os datos relativos ao acordo cos propietarios concretos que motiva a consideración do grafado do viario nos planos de ordenación do plan xeral como erróneo, para os efectos de xustificar a modificación. Corrixírase a contradición observada no plano Or-01.2 do borrador, entre a liña que delimita o solo de núcleo rural común do histórico-tradicional e as cores de cada tipo de solo (franja de 2 m ao coa cor do núcleo rural común e que está dentro de núcleo rural histórico-tradicional.

Corrésese o erro sinalado.

3. Creación de viario xunto a cemiterio próximo á Igrexa (parroquia de Berdillo)

O viario proxectado ten un largo de 5,5 m e é contiguo aos nichos do cemiterio orixinario. O viario debe alcanzar 8 m para garantir que as construcións e cerramentos existentes cumpran coa distancia mínima ao eixe da vía establecido no artigo 92.1 da LSG e 217 do RLSG. Noutro caso quedaría en situación de incompatibilidade coas determinacións do plan, no marco dos citados preceptos normativos.

O grafado do novo viario no plano de ordenación debe ser específico e non confundirse co trazado dos viarios existentes reflectido na cartografía base do Plan.

Procédese ao aumento da sección do viario ata o 8 m, e a grafiar-lo de modo específico incluíndoo dentro da nova actuación denominada SX-VIAU23 de A Igrexa (en Berdillo).

4. Outros aspectos do contido da modificación.

- a) O borrador inclúe, por erro, planos de información e ordenación da modificación nº 1 do PXOM, que cómpre excluír. Incorporaranse a totalidade dos planos de información, pois no borrador non figuran parte dos citados no seu índice.
- b) A previsión de novos terreos dotacionais públicos (modificacións en San Miguel e o A Igrexa) require que o proxecto conteña todas as determinacións e documentos:
 - Fixación do sistema de obtención dos terreos (artigo 52.f) LSG e 105.1.f) RLSG).
 - Variacións na estratexia de actuación e no estudo económico necesarias para reflectir tales determinacións (artigo 59 LSG e 143 RLSG).

Se corrixen os erros detectados, e inclúsen os aspectos solicitados.

DIRECCIÓN XERAL DO PATRIMONIO CULTURAL

O informe inclúe varias consideracións, que poden resumirse no seguinte parágrafo do informe.

A proposta do borrador pretende aumentar a vía que da acceso á igrexa e ao cemiterio, creando ademais un aparcamento na parcela anexa á igrexa (SX-VI/AU22).

O pombal catalogado (CP-1801) está situado dentro da parcela que se prevé destinar a aparcamento.

Deberase REVISAR O EMPRAZAMENTO proposto para o aparcamento, pois a parcela escollida atópase no medio do núcleo, nunha zona na que se concentran varios bens catalogados, no medio dunha trama compacta e consolidada, polo que unicamente xera máis presión sobre os bens catalogados e aumenta o tráfico neste punto tan sensible.

Enténdese a necesidade de crear unha zona de aparcadoiro que dea servizo á igrexa e ao cemiterio, pero esta necesidade non se pode impoñer sobre a protección e conservación dos bens catalogados e do seu contorno de protección.

A parcela veciña á igrexa na que se atopa o pombal semella, pola súa posición estratéxica, un espazo de reunión, unha zona vinculada á igrexa, á reitoral e outros elementos protexidos como o pombal que, estando no centro do núcleo, debería funcionar como un espazo libre, de reunión dos veciños, que alivie a presión nesta zona.

A actuación que se expón desde o Concello consiste na creación dunha espazo a modo de praza, para uso e disfrute dos habitantes do núcleo, pero que a súa urbanización facilite o aparcamento no núcleo nos momentos puntuais de demanda desta dotación (actos relixiosos que se producen na igrexa e cemiterio lindantes). Neste

sentido mencionar que esta actuación non incrementará o tráfico na zona, unicamente posibilita a mellora das dotacións neste núcleo rural, ao crear un espazo que de resposta ás actuais demandas da súa poboación.

O Concello pretende a creación dun espazo aberto, que permita dotar á poboación deste núcleo de unha praza de reunión, e integre os elementos de valor patrimonial existentes; en liña coa recentemente executada no núcleo de Sofán fotos da cal axúntanse a continuación.



A este respecto establecer que ao igual que no caso citado de Sofán (un cruceiro), en San Miguel dentro do ámbito atópase un elemento catalogado (un pombal), o cal deberá ser convenientemente integrado dentro da actuación.

No caso da igrexa lindante, tal e como se mostra na imaxe seguinte esta atópase a unha cota moi superior á parcela lindante (na que se localiza a actuación e o pombal), polo que non é viable posibilitar o acceso á mesma dende o ámbito sen realizar un importante cambio na topografía da zona, algo que non resulta aconsellable dadas as características tradicionais do ámbito.



A fin de garantir que a urbanización deste espazo cumpra coas prescricións citadas, inclúese na Normativa da Modificación un novo artigo, no que se establecen unhas condicións de urbanización moi estritas, entre as que recóllese a necesidade de contar coa autorización previa da Consellería competente en materia de patrimonio cultural.

DIRECCIÓN XERAL DE PESCA, ACUICULTURA E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA

O informe inclúe as seguintes consideracións.

4.- Actuacións previstas

Das catro actuacións descritas, unha delas ten lugar no ámbito do PDAL que se circunscribe ao ámbito de xestión do Plan de Ordenación do Litoral (POL). Non obstante a modificación prevista non tería incidencia no sector acuícola nin no desenvolvemento actual da acuicultura no ámbito do concello.

INSTITUTO DE ESTUDIOS DO TERRITORIO

O informe inclúe as seguintes consideracións.

4. Conclusión:

Polo que atinxe ás competencias deste departamento en materia de paisaxe, considérase que a modificación puntual número 2 do plan xeral de ordenación municipal non provocará un impacto paisaxístico significativo, se ben deben tomarse en consideración as recomendacións expresadas anteriormente.

A continuación recóllense as recomendacións recollidas no escrito.

As modificacións propostas para os núcleos de Loenzo de Abaixo, A Igrexa e Vivente refírense á apertura ou modificacións de vías e carecen de afeccións destacadas á paisaxe dos núcleos afectados. No caso do núcleo de San Miguel, se ben a superficie afectada é de escasa entidade, existen valores estéticos, etnográficos e arquitectónicos (pombal, igrexa parroquial e panorámicas ao val e edificacións tradicionais da contorna) que lle confiren unha alta calidade paisaxística ao ámbito. Na redacción proposta para o artigo referido ás condicións específicas de urbanización deste ámbito, co obxecto de garantir a boa inserción paisaxística da intervención, recoméndase engadir as seguintes consideracións:

- O deseño do viario debe adaptarse á topografía, minimizando os movementos de terras, buscando a máxima naturalidade e valorando a oportunidade de conservar os elementos vexetais de interese (especialmente na contorna inmediata ao ben catalogado).
- O acondicionamento dos espazos libres deberá procurar a mínima urbanización do mesmo. De preverse novas plantacións deberá optarse por especies autóctonas, procurando en todo caso evitar pantallas visuais continuas que supoñan unha mingua nos valores panorámicos. Así mesmo, se evitará a instalación de mobiliario e /ou sistemas de iluminación de tipoloxías urbanas.
- Respecto dos pavimentos, procurarase optar por solucións de baixo impacto na contorna, como xabre, zahorra ou macádám, cando menos daqueles tramos destinados a tránsito peonil e aparcadoiro. Se por necesidades funcionais resulta imprescindible o uso de materiais máis resistentes, deberán escollerse preferentemente solucións de alta permeabilidade.

Dando cumprimento ao solicitado, estas recomendacións inclúense na Normativa da Modificación.

PARTICULARES

A Modificación toma en consideración as suxestións incluídas polos particulares.

2. MEMORIA XUSTIFICATIVA DE FINS E OBXECTIVOS

2.1. DELIMITACIÓN DO ÁMBITO DA MODIFICACIÓN

2.1.1. Situación xeográfica

O ámbito da Modificación se sitúa na provincia de Coruña, no Concello de Carballo, capital da comarca de Bergantiños.



Fonte: Google Earth.

Máis concretamente, as dúas zonas que conforman o ámbito da presente Modificación, se sitúan nos núcleos rurais de Loenzo de Abaixo, Vivente, San Miguel e A Igrexa.




Fonte: Google Earth.

2.1.2. Situación sobre o planeamento xeral municipal

O ámbito da Modificación está formado por catro viais e os seus terreos anexos sobre os que se prevén cambios no seu trazado.

A ordenación destes viais no PXOM en vigor é a seguinte.



Fonte: PXOM. Fichas dos núcleos rurais

Como se observa na imaxe anterior, no PXOM en vigor prevese a execución dos novos viais do seguinte modo:

- Loenzo de Abaixo: prevese un vial que discorre de Este a Noroeste, cunha sección de 10 m, dando servizo ao espazo vacante do interior do núcleo.
- Vivente: prevese un vial de escasa lonxitude, que comunica o vial traseiro do núcleo coa estrada, cunha sección de 8 m.
- San Miguel: prevese un vial coa anchura existente, que da acceso aos equipamentos existentes no límite leste do núcleo (igreja e cemiterio).
- A Igrexa: prevese un vial que da acceso ás actuais instalacións do cemiterio existente. O Plan Xeral reserva unha zona lindante para posibilitar a ampliación desta dotación, actuación moi demandada pola poboación do núcleo, pero non prevé a prolongación do actual vial de acceso ata a nova zona de desenvolvemento prevista.

2.1.3. Edificacións existentes

O ámbito da Modificación soamente inclúe unha edificación, atopada nos terreos previstos para a ampliación do sistema viario do núcleo de San Miguel.



Esta edificación trátase dun pombal, o cal atópase incluído no Catálogo do PXOM coa denominación CP-1801 "Pombal en San Miguel".

No Anexo 1 ao presente documento inclúese a ficha do Catálogo do Plan Xeral, correspondente ao citado elemento CP-1801.

2.1.4. Estrutura parcelaria

O análise da estrutura catastral dos terreos realízase sobre a base catastral. Ao tratarse de catro zonas concretas vense afectadas poucas parcelas.

A continuación detállanse as parcelas catastrais incluídas no ámbito da Modificación, en cada unha das catro zonas:

- Zona 1: 15019A24100636, 15019A24100637, 15019A24100638, 15019A24100639, 15019A24100640, 6866606NH2866N, 6866607NH2866N, 6866604NH2866N, 6866608NH2866N, 15019A24100547, 15019A24100676, 15019A24100538, 15019A24100531, 15019A24100674.
- Zona 2: 5618201NH2851N, 5618202NH2851N.
- Zona 3: 8415903NH2981N.
- Zona 4: 15019A09200270, 15019A09200439, 15019A09200440, 15019A09200459, 15019A09200460

Ao tratarse dun ámbito de tipoloxía lineal e enclavarse sobre solo de núcleo rural e solo rústico, a estrutura catastral dos terreos é moi concreta (ver plano In-03).

2.2. INFRAESTRUTURAS E SERVIZOS EXISTENTES

No caso do vial atopado en Loenzo de Abaixo, a parte xa executada (a súa metade leste) conta con rede de abastecemento e saneamento.

Os viais sitios en San Miguel y A Igrexa unicamente contan con algún punto de iluminación pública.

O vial sito en Vivente no conta con redes de servizos.

O detalle das redes de infraestruturas e servizos existentes nas catro zonas que conforman o ámbito da Modificación, inclúense no plano In-04.

2.3. AFECCIÓNS EXISTENTES

LOENZO DE ABAIXO

No caso do vial localizado en Loenzo de Abaixo, non presenta ningún tipo de afección.

VIVENTE

O vial situado en Vivente atópase lindante coa estrada da Deputación DP-1914.



Nesta zona resulta de aplicación a Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia; así como o Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia. A Modificación prevista afecta a esta infraestrutura provincial, polo que deberá ser informada pola administración titular.


SAN MIGUEL

O vial localizado en San Miguel presenta afección patrimonial, xa que dentro do seu ámbito atópase o “Pombal de San Miguel”, elemento incluído no Catálogo do PXOM. Na zona que ocupa o Pombal, así como a área inmediata, deberá ser convenientemente ordenada na Modificación.

Neste sentido, a totalidade do núcleo de San Miguel así como os terreos do seu entorno, atópanse incluídos nun “contorno de protección” único asociado a varios elementos catalogados de interese de patrimonio.

San Miguel, a pesar de que trátase dun núcleo rural de pequeno tamaño, conta con nove elementos de interese cultural, polo que o Plan Xeral delimitou un único contorno de protección vinculado a todos eles, co obxectivo de que as actuacións que desenvólvanse nel conten cuns criterios de ordenación, protección e posta en valor comúns e homoxéneos.

A continuación inclúese unha imaxe do núcleo coa localización e delimitación dos elementos de interese cultural, así como do contorno de protección vinculado a eles.



Fonte: PXOM de Carballo. Catálogo.

Os elementos vinculados ao contorno de protección son os seguintes:

- AC-1801: Casa reitoral de San Miguel de Vilela
- AR-1801: Igrexa de Vilela (Parroquial de San Miguel)
- CP-1801: Pombal en San Miguel
- CP-1802: Fonte e Lavadoiro de San Miguel
- CP-1803: Vivenda
- CP-1804: Vivenda
- CP-1805: Vivenda
- CP-1806: Hórreo
- ER-1801: Cruceiro de Vilela

Neste sentido, a Modificación deberá establecer unhas condicións de urbanización para a creación da ova praza, acordos aos valores culturais existentes. Así mesmo, o presente documento deberá ser informado por la Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

A IGREXA

No caso do vial localizado en A Igrexa non presenta ningún tipo de afección.

2.4. ANÁLISE DE RISCOS

Neste apartado inclúese a análise de riscos no ámbito, en cumprimento do establecido no Real Decreto Legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Solo e Rehabilitación Urbana, e das Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia.

DIRECTRICES DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO DE GALICIA

3.1.14. Os instrumentos de ordenación do territorio e do planeamento urbanístico deberán conter unha análise dos riscos naturais e antrópicos aos que se expón o territorio do seu ámbito de influencia, e deberán estes terreos expostos quedar excluídos do proceso

urbanizador e, en todo caso, dos usos polos que poidan verse afectados persoas e bens materiais ou que deixen de ser funcionais no caso de materialización do risco.

Unha vez analizado o ámbito da Modificación pódese concluír que non se ten constancia da existencia de ningún risco natural ou antrópico.


2.5. DIAGNÓSTICO DA SITUACIÓN ACTUAL. PROBLEMÁTICA EXISTENTE

Inclúese neste apartado a descrición do estado actual do ámbito obxecto de modificación.

Tal e como se recolle nos apartados precedentes, o ámbito da modificación atópase en solo de núcleo rural e solo rústico do termo municipal de Carballo, e está formado por catro zonas:

2.5.1. Loenzo de Abaixo

Neste núcleo rural o PXOM delimitou un vial que atravesaba a zona central do núcleo. Sen embargo, debido á dilatación no tempo da tramitación do documento, edificouse unha nova vivenda neste núcleo, cuxa localización impide a execución do vial tal e como se previu. A execución desta nova vivenda impide a consecución de previsións fixadas no PXOM, polo que se fai necesario reordenar esta zona, a fin de solucionar esta problemática.



Tal e como se observa nas imaxes anteriores, a nova vivenda edificouse nunha parcela onde se atopaba o vial. O PXOM delimitou o vial sobre un camiño que aparecía na cartografía, co obxectivo de posibilitar a consolidación do baleiro existente no centro do núcleo.

Non obstante, recentemente procedeuse a analizar en detalle a rede pública de camiños deste núcleo, constatándose a inexistencia deste camiño público. Tratábase de rodadas xeradas ao acceder ás leiras existentes na zona central do núcleo, que tamén foron empregadas como acceso durante a execución de diferentes obras executadas nesta zona, entre outras a de execución desta nova vivenda.

A continuación inclúese unha imaxe da ortofoto da zona, do ano 2008-2009, na que pódese apreciar tódalas rodadas que foron consideradas como camiños no PXOM, entre as cales figura o camiño obxecto da presente Modificación.



Na actualidade, a existencia deste camiño no PXOM ten diversas repercusión, todas elas negativas:

- O PXOM considerou este camiño como público existente, polo que non contempla determinación algunha para a obtención dos terreos necesarios, nin do custo das obras de urbanización.
- Derivado do anterior, dado que finalmente trátase da apertura dun novo viario, o PXOM debería de delimitar un ámbito para a realización dunha actuación integral, no que se podería incluír esta nova apertura.
- Non obstante, dado que encóntrase unha vivenda executada sobre el, existe unha imposibilidade fáctica para a súa execución, xa que tería uns custos económicos moi elevados. Esta situación produce a inviabilidade da consecución de previsións fixadas no PXOM nesta zona.


A Modificación deberá emendar esta situación, establecendo unha ordenación para esta zona do núcleo rural acorde a tódalas particularidades detectadas.

2.5.2. Vivente

Este núcleo está asentado sobre a estrada provincial DP-1914, e conta cun vial municipal paralelo a ela, que posibilita o acceso ás parcelas edificadas desde a súa zona traseira, mellorando con iso a mobilidade na zona. Entre a estrada e o vial paralelo existen varias conexións, unha das cales posúe unha forma sinuosa que impide o acceso á estrada con maior seguridade.


A fin de solucionar esta situación, o Concello chegou a un acordo coa propiedade da parcela, que posibilitaba a execución dun novo acceso cunha xeometría máis favorable (tanto pola sección como polo seu trazado).

A continuación inclúese unha imaxe da superficies de camiños segundo o acordo existente entre o Concello e a propiedade.



Tal e como se observa na imaxe anterior, a superficie do vial actual ascende a 193 m², e a superficie do novo vial previsto no acordo entre o Concello e a propiedade ten unha superficie de 216 m², ademais dun trazado moito máis adecuado cara a garantir a seguridade vial.


Esta previsión introduciuse no PXOM, pero a súa localización non é exactamente a acordada, xa que por erro situouse lixeiramente máis ao sur incluíndo unha pequena superficie de parcela de outra propiedade.



O presente documento deberá emendar este problema, axustando o límite sur do novo vial proposto no PXOM, ao límite sur da parcela con cuxa propiedade acordouse este novo trazado.

2.5.3. San Miguel


Este núcleo rural posúe unha trama viaria moi estreita e un edificado compacto. Os equipamentos localízanse no extremo leste, e non contan cunha zona adecuada para dar servizo ás necesidades de aparcamento.



A Modificación deberá dar resposta á situación, mellorando as actuais condicións de mobilidade e fomentando a protección e posta en valor dos elementos con valor patrimonial presentes.

2.5.4. A Igrexa

O cemiterio que da servizo ao núcleo rural de A Igrexa atópase próximo ao límite sueste, sobre solo rústico de protección agropecuaria. O PXOM reserva uns terreos lindantes para a súa ampliación, pero mantén o actual acceso existente.



A este respecto, a LSG no permite a apertura de novos camiños que non estean previstos no planeamento.

Artigo 37. Limitacións de apertura de camiños

1. No solo rústico non está permitida a apertura de camiños que non estean expresamente recollidos no planeamento urbanístico ou nos instrumentos de ordenación do territorio, agás no caso dos camiños rurais contidos nos proxectos aprobados pola administración competente en materia de agricultura, de minas, de montes ou de ambiente.

2. As novas aperturas de camiños deberán adaptarse ás condicións topográficas do terreo, coa menor alteración posible da paisaxe e minimizándose ou corríndose o seu impacto ambiental.

A Modificación deberá dar resposta á situación, prevíñendo un acceso público á zona prevista para a ampliación do equipamento, e tendo en conta as determinacións do artigo 37 da LSG.

A ampliación do cemiterio xa se está a realizar, e conta coa preceptiva autorización sanitaria así como coa licenza municipal de obras e de actividade (ver anexo 2), polo que a execución de un mellor acceso á nova dotación ten elevado interese.

3. MEMORIA XUSTIFICATIVA DE FINS E OBXECTIVOS

3.1. ALCANCE DA MODIFICACIÓN PUNTUAL

3.1.1. Obxectivo

No ámbito do presente documento preténdese realizar modificacións na ordenación cuxo obxectivo é adaptar o sistema viario a novas circunstancias acaecidas (Loenzo de Abaixo), posibilitar a execución dun novo vial previsto (Vivente), a ampliación de dous existentes (en San Miguel e A Igrexa). Para dar cumprimento aos obxectivos fixados resulta necesario definir as seguintes actuacións, nas catro zonas que conforman o ámbito da Modificación:

- Reconfigurar o sistema viario previsto no baleiro do núcleo de Loenzo de Abaixo, como consecuencia da edificación dunha nova vivenda que afecta ao trazado previsto, mantendo as condicións de mobilidade na zona.
- Axustar o vial previsto en Vivente aos límites da propiedade, a fin afectar unicamente á parcela coa que existe acordo.
- Ampliar o vial existente no núcleo de San Miguel, nas proximidades dos equipamentos existentes, xerando unha nova zona a modo de praza e aparcamento de uso puntual, que de servizo ás dotacións existentes na zona.
- Ampliar o vial existente no núcleo de A Igrexa, dando con elo servizo á ampliación do cemiterio prevista.

3.1.2. Función do planeamento proposto respecto da situación de partida

A función do planeamento é mellorar a mobilidade nestas cinco zonas do Concello.

Así, unha vez aprobada a Modificación, poderanse executar estes viais mellorando a mobilidade nestas zonas de Carballo respecto do previsto no PXOM.

3.2. DESCRICIÓN DA ORDENACIÓN PROPOSTA

3.2.1. Criterios da ordenación proposta


No deseño da ordenación proposta consideráronse os seguintes criterios xerais:

- Concretar o sistema viario cunha solución máis adecuada ás necesidades de mobilidade da poboación.
- Favorecer e mellorar a execución do sistema viario previsto, e lograr a consecución dos obxectivos fixados no Plan Xeral.

3.2.2. Ordenación xeral proposta

LOENZO DE ABAIXO

A ordenación proposta consiste en eliminar a metade oeste do viario previsto, dada a imposibilidade da súa execución ao edificarse unha nova vivenda que afecta ao seu trazado. A continuación móstrase unha imaxe comparativa da ordenación vixente e a proposta.



A nova delimitación proposta para o sistema viario inclúe:

- A supresión do tramo noroeste do vial previsto no PXOM.
- A definición de novas seccións e a creación dunha zona de xiro ao final do vial existente.

A fin de establecer una ordenación desta zona materializable, e que incorpore tódalas particularidades detectadas na diagnose realizada, a Modificación elimina a apertura do novo vial que conecta a zona central do núcleo cara ao norte, e cuxa execución atópase paralizada pola execución da nova vivenda.


A ordenación prevista mantén o actual vial existente cunha sección de oito metros, e unha zona no seu extremo que facilita os cambios de sentido; por elo, dado que trátase dun vial sen saída, a súa funcionalidade será exclusiva de acceso aos residentes.

Coa nova ordenación non altéranse as parcelas edificables respecto das previstas no Plan Xeral en vigor, polo que no varía a capacidade residencial prevista.


Así mesmo, dado que nestes anos de vixencia executáronse outras dous novas edificacións neste núcleo (ao sur da anterior), incorpóranse na cartografía do PXOM, e modifícase a ficha de ordenación do núcleo incorporando a nova consolidación do mesmo, dado que vese incrementada.

VIVENTE

A ordenación proposta consiste en desprazar lixeiramente ao norte o trazado do vial, facendo coincidir o seu límite sur co límite da propiedade coa que se subscribiu o acordo que posibilita a apertura deste novo viario.




A continuación móstrase unha imaxe comparativa da ordenación vixente e a proposta.



A nova delimitación proposta para o sistema viario inclúe unicamente desprazar o novo vial previsto lixeiramente cara ao norte, para incluír terreos unicamente da parcela coa que se conta con acordo coa propiedade, e non afectar á parcela privada sita ao sur.


A continuación inclúese unhas imaxes sobre a ortofoto coas aliñacións definidas no PXOM, e coas propostas no presente documento, a fin de comprobar a afección unicamente á parcela con cuxa propiedade existe acordo.



SAN MIGUEL

A ordenación proposta consiste en aumentar a superficie do viario existente, dada a ausencia dunha praza pública e do servizo de aparcamento nesta zona do núcleo, onde se concentran os equipamentos.

A continuación móstrase unha imaxe comparativa da ordenación vixente, a proposta na presente Modificación, e a foto aérea da zona.




A nova delimitación proposta para o sistema viario inclúe:

- O aumento do vial de acceso aos equipamentos do extremo leste do núcleo, creando un espazo aberto denominado SX-VI/AU22, que permita a execución dunha praza pública con zona de aparcamento que de este servizo a esta zona.
- A definición das condicións de urbanización da superficie de novo vial, co obxectivo de garantir a protección, conservación e posta en valor de elemento de interese patrimonial existente e do entorno.

A IGREXA

A ordenación proposta consiste en ampliar a lonxitude do viario de acceso ao cemiterio, a fin de dar servizo ao terreos previstos para a súa ampliación.

A continuación móstrase unha imaxe comparativa da ordenación vixente e a proposta.



A nova ordenación proposta para o sistema viario inclúe a delimitación da ampliación do vial de acceso aos terreos previstos para a ampliación do cemiterio. Este novo tramo de vial inclúese na cartografía do Plan Xeral, con unha sección de 5,5 m, aos efectos de posibilitar a súa execución.

3.3. ANÁLISE DA COMPATIBILIDADE ESTRATÉXICA

Para favorecer unha adecuada coordinación territorial e garantir a coherencia da planificación prevista cos obxectivos e determinacións das DOT, o seu artigo 10.1.18 establece a realización dunha análise a través da metodoloxía de análise de compatibilidade estratéxica.

10.1.18. Co fin de acadar unha adecuada coordinación territorial, os instrumentos de ordenación territorial, e de urbanismo en ausencia destes, axustaranse ás determinacións das DOT, concretando aquelas que se desenvolvan de xeito particular no seu ámbito de actuación, evitando redundancias e incoherencias.

Asemade, incluirán unha análise de compatibilidade estratéxica (ACE) nos termos en que se recolle no informe de sustentabilidade ambiental destas directrices, para garantir a coherencia da planificación sucesiva e a consideración da prevención e minimización dos posibles efectos que puideren xerar.

Tanto a xustificación da integración das determinacións destas determinacións como a ACE deberán formar parte da documentación de ditos instrumentos.

No caso concreto do presente documento, dada a escasa entidade da modificación que se pretende, xa que a única actuación que realiza é pequenos axustes na delimitación de sistema viario previsto no plan xeral, non se considera necesario incluír esta xustificación.

4. NORMATIVA PARA O DESENVOLVEMENTO DA MODIFICACIÓN


A Normativa de aplicación no ámbito da Modificación será a contida no Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Carballo, xunto coas súas modificacións ou revisións, ao igual que no resto do termo municipal.

Así mesmo, e a pesar de que a normativa de aplicación no elemento CP-1801 xa establece as condicións da súa protección, para o desenvolvemento das determinacións da presente Modificación considerase necesario incorporar unhas condicións de urbanización específicas para o ámbito da ampliación do novo sistema viario denominado SX-VI/AU22, en San Miguel; así como introducir a necesidade de solicitar informe á administración competente en protección do patrimonio cultural, no caso de que se redacte algún proxecto de urbanización que afecte ao novo viario SX-VI/AU22.

ARTIGO ÚNICO. CONDICIÓNS URBANIZACIÓN NO ÁMBITO DO SX-VI/AU22

Con carácter xeral:

- Os proxectos de urbanización que se redacten cuxo ámbito inclúa o sistema xeral SG-VI/ AU22, deberán de ser obxecto de informe autonómico por parte da Dirección Xeral de Protección do Patrimonio Cultural.
- Calquera intervención nas contornas de protección dos elementos catalogados delimitados nos planos de ordenación, requirirá da autorización previa da consellería competente en materia de patrimonio cultural, de acordo ao establecido nos artigos 39 e 45 da LPCG.



Así mesmo, o proxecto de urbanización deste ámbito deberá incorporar as seguintes medidas, para garantir a correcta conservación e posta en valor dos elementos de valor cultural existentes:

- O deseño do viario deberá adaptarse á topografía, minimizando os movementos de terras, buscando a máxima naturalidade e valorando a oportunidade de conservar os elementos vexetais de interese (especialmente na contorna inmediata ao ben catalogado).

- Deberase garantir a integración dos elementos catalogados na urbanización (igreja e pombal), establecendo unha zona arredor deles de 3 m de ancho, na que primarase intervencións que contribúan á posta en valor do ben, permitindo unicamente actuacións de:
 1. Xardinería: nas novas plantacións deberá optarse por especies autóctonas, evitando xerar pantallas visuais continuas que supoñan unha mingua nos valores panorámicos.
 2. Iluminación e mobiliario urbano: se evitará a instalación de elementos de tipoloxías urbanas.
- O elemento do Catálogo denominado CP-1801 situado no extremo oeste do novo viario denominado SX-VI/AU22, deberá de integrarse na nova urbanización que se estableza, co obxectivo de manter a actual configuración como testemuño dun modo tradicional de implantación no territorio.
- O resto da área terá unha urbanización adecuada ao entorno, na que primará a creación dun espazo apto para o seu uso como praza pola poboación, que invite á contemplación dos elementos de interese e os poña en valor.
- A zona urbanizada deseñarse de tal modo que permita o seu uso como aparcamento en momentos puntais de elevada demanda, como son os acontecementos litúrxicos que desenvólvense na igrexa e cemiterio próximo.
- Para a execución das obras previstas procurarase o emprego de materiais, solucións construtivas e características dimensionais e tipolóxicas en coherencia co ámbito, evitando as propias dos núcleos urbanos. Neste sentido, os novos elementos da urbanización que estableza o Proxecto, deberán construírse coas características orixinais tradicionais desta zona do Concello, e optando preferentemente por solucións de alta permeabilidade; prohibíndose expresamente o emprego de materiais asfálticos o similares.

5. ESTRATEGIA DE ACTUACIÓN E ESTUDO ECONÓMICO

Conforme ao establecido no artigo 83 da LSG, as modificacións de plan atéñense ás mesmas disposicións enunciadas para a súa tramitación e aprobación.

De acordo co anterior, no artigo 59 da LSG establécese o contido da estratexia de actuación e estudo económico:

Artigo 59. Estratexia de actuación e estudo económico

1. Os plans xerais de ordenación municipal conterán a estratexia para o desenvolvemento coherente do plan e, en particular, determinarán a execución dos sistemas xerais que deban crearse necesariamente para o desenvolvemento das áreas de solo urbano non consolidado e dos sectores de solo urbanizable.

2. O plan xeral de ordenación municipal conterá unha avaliación do custo de execución dos sistemas xerais e das actuacións previstas, coa indicación do carácter público ou privado da iniciativa de financiamento, xustificando as previsións que cumpra realizar con recursos propios do concello.

No caso da actuación prevista no núcleo de:

- Loenzo de Abaixo: a Modificación prevé a diminución do sistema viario previsto, polo que en todo caso diminúe o custo de desenvolvemento das determinacións do PXOM.
- Vivente: a Modificación prevista non altera substancialmente a superficie prevista no PXOM para o sistema viario.
- San Miguel: a Modificación prevé o aumento do sistema viario previsto (novo SX-VIAU22). No obstante, dada a escasa magnitude da superficie afectada (473 m²), o custo do seu desenvolvemento non afecta ás determinacións xerais da estratexia de actuación e o estudo económico do PXOM.

Costo de obtención dos terreos: 11.825 €

Costo de execución: 42.570 €

Costo total: 54.395 €

Este custo é estimativo; serán os proxectos para o seu desenvolvemento os que fixen o custo real da actuación, tendo en conta a lexislación sectorial de aplicación.

- A Igrexa: a Modificación prevé o aumento do sistema viario previsto (novo SX-VIAU23). No obstante, dada a escasa magnitude da superficie afectada (970 m²), e a existencia de acordo cos promotores privados da ampliación do cemiterio (os cales asumirán o custo de obtención dos terreos necesarios así como da súa execución), o custo do seu desenvolvemento non afecta ás determinacións xerais da estratexia de actuación e o estudo económico do PXOM.

Costo de obtención dos terreos: 3.000 €

Costo de execución: 48.500 €

Costo total: 51.500 €

Este custo é estimativo; serán os proxectos para o seu desenvolvemento os que fixen o custo real da actuación, tendo en conta a lexislación sectorial de aplicación.

En base ao anterior, e aínda que a presente Modificación non altera substancialmente a superficie prevista no PXOM para o sistema viario, a continuación se establece a estratexia de actuación e o estudo económico do Plan Xeral. A este respecto establecer que incorpóranse as modificacións derivadas de outro documento en tramitación, a “MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 4 DEL PGOM DE CARBALLO EN EL ÁMBITO DEL SISTEMA GENERAL VIARIO SX-VI2a”, a fin de que as determinacións sexan concluíntes.

Modifícase a estratexia de actuación do PXOM ao incluírse dous novas actuacións, os SX-VIAU22 e SX-VIAU23, quedando como sigue.

5.1. OBXECTO

Conforme ao establecido no artigo 83 da LSG, as modificacións de plan atéñense ás mesmas disposicións enunciadas para a súa tramitación e aprobación.

De acordo co anterior, no artigo 59 da LSG establécese o contido da estratexia de actuación e estudo económico.

5.2. ESTRATEXIA DE ACTUACIÓN

Segundo o artigo 143 do Regulamento da Lei 2/2016, do solo de Galicia, sobre “Estratexia de actuación, estudo económico e memoria de sustentabilidade económica”.

“1. Os plans xerais de ordenación municipal conterán a estratexia para o desenvolvemento coherente do plan, determinando, en particular, a execución dos sistemas xerais que haxan de crearse necesariamente para o desenvolvemento das áreas de solo urbano non consolidado e dos sectores de solo urbanizable (artigo 59.1 da LSG).”

Con todo, en base ao disposto no apartado anterior, e dado que a presente modificación puntual practicamente mantén a superficie prevista no PXOM para as dotacións públicas en base á cal se efectúa o cálculo de estándares, non se considera necesario establecer unha nova estratexia de actuación para o Plan Xeral.

ACTUACIÓNS PREVISTAS NA MODIFICACIÓN PUNTUAL

A Modificación proposta comporta a execución de novas obras de urbanización; dado que se prevén dous novos sistemas xerais, resulta necesario obter unha maior superficie de terreos dos inicialmente previstos (non aféctase a bens distintos dos solo, polo que non prevense outras indemnizacións), así como a execución de maiores obras de urbanización. A continuación, inclúese o cálculo económico para a execución destes sistemas xerais coas novas modificacións previstas, de acordo aos criterios xa establecidos no PXOM.

Incorpóranse os SX-VIAU22 e SX-VIAU23, mantendo o resto exactamente igual que estaba contemplado no PXOM.

Prevese a execución destas dotacións para o primeiro cuatrienio.

ACTUACIÓN EN SISTEMAS XERÁIS VIARIO EXTERIORES AOS DESENVOLVEMENTOS (PGOM)

CÓDIGO	XESTOR	OBTENCIÓN SOLO	EXECUCIÓN	SUPERFICIE (m ²)			PRIORIDADE			
				BRUTA (m ²)	NETA (m ²)	DOMINIO PÚBLICO (m ²)	Q1	Q2	Q3	Q4
SX-VIAU22	Concello	Concello	Concello	473,00	473,00	0,00	Q1			
SX-VIAU23	Concello	Concello	Concello	970,00	750,00	220,00	Q1			

5.3. ESTUDO ECONÓMICO

Segundo o artigo 143 do Regulamento da Lei 2/2016, do solo de Galicia, sobre “Estratexia de actuación, estudo económico e memoria de sustentabilidade económica”.

“2. O plan xeral de ordenación municipal conterá unha avaliación do custo de execución dos sistemas xerais e das actuacións previstas, con indicación do carácter público ou privado da iniciativa de financiamento, xustificando as previsións que haxa que realizar con recursos propios do concello (artigo 59.2 da LSG).

Así mesmo, o plan realizará unha avaliación económica da implantación dos servizos e da execución das obras de urbanización que resulten necesarias para a remodelación de urbanizacións e espazos públicos existentes e para as intervencións illadas que prevexa no solo urbano consolidado e no solo de núcleo rural.”

5.3.1. Criterios de valoración. Módulos unitarios de custo da Modificación

Mantéñense os módulos utilizados no Estudo Económico do PXOM, para a valoración de adquisición de chan en solo rústico, e para a execución das obras de urbanización, actualizando de forma proporcional o custo do solo de núcleo rural, quedando os módulos para utilizar da seguinte forma.

MÓDULOS DE ADQUISICIÓN DO SOLO:

- Solo de núcleo rural: no PXOM establecíase un módulo de 25 €/m²s.
- Solo rústico: no PXOM establecíase un módulo de 4 €/m²s.

MÓDULOS DE CUSTO DE URBANIZACIÓN:

- Viario de nova apertura con todos os servizos: 110 €/m²
- Viario de nova apertura con drenaxe e sen servizos: 50 €/m²

5.3.2. Custo económico previsto

A estimación do custo de adquisición do solo increméntase respecto a o establecido no PXOM en 14.825 €; a estimación do custo de execución aumenta respecto a o establecido no PXOM en 91.070 €.

Estes incrementos ven derivados do aumento previsto da superficie do sistema viario.

ACTUACIÓNS EN SIST. XERÁIS VIARIO EXTERIORES AOS DESENVOLVEMENTOS (CONCELLO)

CÓDIGO	XESTOR	OBTENCIÓN SOLO	EXECUCIÓN	TIPO DE SOLO	SUPERFICIE (m ²)			ESTIMACIÓN COSTE SOLO (€)	ESTIMACIÓN COSTE EXECUCIÓN (€)
					BRUTA (m ²)	NETA (m ²)	DOMINIO PÚBLICO (m ²)		
SX-VIAU22	Concello	Concello	Concello	SNRC	473,00	473,00	0,00	11.825,00 €	42.570,00 €
SX-VIAU23	Concello	Concello	Concello	SR-PA	970,00	750,00	220,00	3.000,00 €	48.500,00 €

En resumo, e seguindo o mesmo procedemento do establecido no PXOM, as actuacións de sistemas xerais a acometer polo Concello quedarían da seguinte forma.

ACTUACIÓNS DE SISTEMA XERAL A ACOMETER POLO CONCELLO

CÓDIGO	XESTOR	TIPO DE SOLO	ESTIMACIÓN COSTE SOLO (€)	ESTIMACIÓN COSTE EXECUCIÓN (€)
SX-EQ4	Concello	SR-PA / SR-PF	16.980,00 €	21.225,00 €
SX-EL1	Concello	SR-PR / SR-PA / SR-PN	1.938.800,00 €	2.570.100,00 €
SX-EL2	Concello	SR-PR / SR-PN / SR-PA	653.096,00 €	872.420,00 €
SX-EL4	Concello	SR-PR	65.855,40 €	101.080,00 €
SX-EL5	Concello	SR-PR / SR-PA	76.143,44 €	99.560,00 €
SX-SU1	Concello	SR-PR / SR-PF	42.212,00 €	880.582,00 €
SX-VI1b	Concello	SR-PA	12.892,00 €	161.150,00 €
SX-VI2a'	Concello	SR-POA / SU-C	187.584,00 €	666.550,00 €
SX-VI6b	Concello	SP-PR	31.804,88 €	426.650,00 €
SX-VIAU02	Concello	SU-C	19.350,00 €	42.570,00 €
SX-VIAU03	Concello	SU-C	20.250,00 €	44.550,00 €
SX-VIAU04	Concello	SU-C	42.250,00 €	92.950,00 €
SX-VIAU05	Concello	SU-C	49.440,00 €	6.490,00 €
SX-VIAU06	Concello	SU-C	69.750,00 €	125.550,00 €
SX-VIAU09	Concello	SU-C	485.920,00 €	59.070,00 €
SX-VI7	Concello	SR-PA/ SR-PF/SR-PR	39.600,00 €	990.000,00 €
SX-VI8	Concello	SR-PA/ SR-PF/SR-PR	152.760,00 €	3.411.000,00 €
SX-VI9	Concello	SR-PA/ SR-PF/SR-PR	151.080,00 €	2.643.000,00 €
SX-VI10	Concello	SR-PA/ SR-PF/SR-PR	224.400,00 €	3.564.000,00 €
SX-VI11	Concello	SR-PA/ SR-PF/SR-PR	16.200,00 €	405.000,00 €
SX-VI12	Concello	SR-PA/ SR-PF/SR-PR	151.200,00 €	3.000.000,00 €
SX-VI13	Concello	SR-PA/ SR-PF/SR-PR	9.840,00 €	123.000,00 €
SX-VI14	Concello	SR-PA/ SR-PF/SR-PR	43.800,00 €	285.000,00 €
SX-VI15	Concello	SR-PA/ SR-PR	16.764,00 €	209.550,00 €
SX-VIAU10	Concello	SNRC	4.450,00 €	8.900,00 €
SX-VIAU11	Concello	SNRC	7.125,00 €	14.250,00 €
SX-VIAU12	Concello	SNRC	11.100,00 €	22.200,00 €
SX-VIAU13	Concello	SNRC	8.175,00 €	16.350,00 €
SX-VIAU14	Concello	SU-C	0,00 €	54.250,00 €
SX-VIAU15	Concello	SU-C	6.425,00 €	12.850,00 €
SX-VIAU16	Concello	SU-C	250,00 €	31.500,00 €
SX-VIAU17	Concello	SU-C	20.600,00 €	41.200,00 €
SX-VIAU18	Concello	SU-C	300,00 €	40.600,00 €
SX-VIAU19	Concello	SU-C	350,00 €	47.150,00 €
SX-VIAU20	Concello	SU-C	0,00 €	80.500,00 €
SX-VIAU21	Concello	SU-C	6.250,00 €	221.500,00 €
SX-VIAU22	Concello	SNRC	11.825,00 €	42.570,00 €
SX-VIAU23	Concello	SR-PA	3.000,00 €	48.500,00 €
Abastecimento	Concello	-	0,00 €	4.159.917,00 €
Electricidad	Concello	-	0,00 €	1.016.789,64 €
TOTAL			4.597.821,72 €	26.660.073,64 €
TOTAL SX CONCELLO			31.257.895,36 €	

De acordo ao anterior, o total das actuacións para acometer polo Concello coa presente Modificación, quedaría da seguinte forma.

TOTAL SX Concello	31.257.895,36 €
TOTAL SL Concello	507.793,00 €
TOTAL CONCELLO	31.765.688,36 €

En función do anterior, o investimento total do Concello contemplada no PXOM ascendía á cantidade de 31.659.793,36 €, polo que o investimento incrementábase en 105.895,00 €, inferior ao 0,34% do investimento xa previsto no PXOM

5.3.3. Análise da capacidade financeira do Concello

Tal e como xa se contempla no PXOM, a administración municipal, dentro do conxunto das administracións públicas, é a que máis intensamente implícase no desenvolvemento e a materialización das previsións do Plan Xeral, que constitúe o “proxecto completo do medio físico do termo”, ao incluírse no mesmo todas as previsións das actuacións para desenvolver para a dotación e a prestación dos servizos básicos e os equipamentos á poboación en condicións adecuadas.

Cos datos facilitados polo Concello, que constan na documentación do plan xeral, é razoable e prudente estimar que o propio Concello, cos recursos propios dos que dispón, poderá asumir un investimento anual para o desenvolvemento das previsións do Plan Xeral de 1.500.000 €, destinando a tal fin unicamente un 40% do aforro neto respecto ao último exercicio de 2.013, e sempre inferior ao aforro neto do últimos dez exercicios contemplados no plan.

5.3.4. Balance económico do desenvolvemento do PXOM, e medidas de financiamento

Das valoracións efectuadas no PXOM e as derivadas da presente Modificación recollidas nos epígrafes anteriores, nos que se cuantificaron todos os custos de desenvolvemento derivados das previsións e obrigacións incluídas no Plan, para a execución dos Sistemas Xerais e Sistemas Locais e os reforzos e melloras dos servizos públicos existentes, en canto ás obrigacións económicas a asumir polo Concello resúmese na necesidade de investir un total de 31.765.688,36 €.

A cuantificación dos ingresos extraordinarios que o desenvolvemento do plan supoñerá para o concello por valoración das cesións obrigatorias do 10% do aproveitamento urbanístico mantense a do pxom aprobado, e ascende a 17.198.669,98 €.

En consecuencia, o desenvolvemento completo do PXOM, supoñerá ao Concello a necesidade de investir contra recursos propios a diferenza entre ambas as cantidades, é dicir, 14.567.018,38 €, que, para un horizonte temporal de 16 anos, implica un investimento de 910.438,65 € anuais, claramente inferior ás posibilidades reais de investimento deducidas do aforro neto anual do últimos dez exercicios.

5.4. CONCLUSIÓNS

En atención ao exposto nos parágrafos anteriores, pódese deducir que a presente Modificación do PXOM é viable na súa concepción, quedando garantida a obtención do chan e a execución de Sistemas Xerais a cargo da Administración local.

Para facer fronte aos investimentos, é suficiente a capacidade investidora do Concello derivada dos orzamentos correntes e das derivadas da propia xestión urbanística, nas que se inclúen a monetarización do 10% de cesión obrigatoria do aproveitamento dos sectores de solo urbanizable, urbano non consolidado e das actuacións

integrals Todo o anterior, sen contabilizar posibles axudas de administracións alleas que colaboren en temas medio ambientais e de servizos, así como a mellora de estradas, equipamentos culturais, educativos, sanitarios, etc.

Despois de determinar o alcance económico das intervencións, así como a demostración da capacidade económica da administración pública local no financiamento, tendo en conta o estudo realizado no PXOM e a xustificación realizada no presente estudo, podemos deducir a viabilidade económica das previsións do Plan Xeral.

6. MEMORIA DE SUSTENTABILIDADE ECONÓMICA

O Real Decreto Lexislativo 2/2008, do 20 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do solo estatal, determina no apartado 4 do artigo 15, que a documentación dos instrumentos de ordenación das actuacións de urbanización debe incluír un informe ou memoria de sustentabilidade económica, no que se poñerá de manifesto o impacto da actuación nas Facendas Públicas afectadas pola implantación e o mantemento das infraestruturas necesarias, ou a posta en marcha da prestación dos servizos resultantes, así como a suficiencia e adecuación do solo destinado a usos produtivos.

O presente documento ten por obxecto desenvolver e xustificar tales determinacións no ámbito da Modificación proposta.

A Modificación altera a ordenación existente no seu ámbito, no sentido de modificar o sistema xeral viario previsto no PXOM en vigor:

- No solo de núcleo rural se inclúe a previsión dunha nova praza (SX-VIAU22).
- En solo rústico prevese a prolongación dun viario existente que de servizo á ampliación do cemiterio en desenvolvemento (SX-VIAU23).

Estas dous novas actuacións levan consigo un incremento da superficie de viario público de 1.443 m², valor desprezable respecto da superficie total de viario previsto no Plan Xeral.

Co anterior, considerando que o custo de mantemento da infraestrutura prevista é equivalente ao inicialmente considerado no PXOM, conclúese que a Modificación non leva un aumento no custo de mantemento das infraestruturas municipais, polo que se manteñen as estimacións establecidas no PXOM en vigor.

7. DOCUMENTACIÓN A INCORPORAR / MODIFICAR NO PXOM

A presente Modificación Puntual do PXOM do Concello de Carballo implica a modificación de varios planos de ordenación, a ficha de ordenación do núcleo rural cuxa consolidación vese modificada (a consolidación do núcleo de Loenzo de Abaixo aumenta ao incorporar as novas edificacións executadas nestes anos de vixencia do PXOM), e a incorporación de dous fichas de desenvolvemento para as novas actuacións SX-VI/AU22 de San Miguel (en Vilela), e SX-VI/AU23 de A Igrexa (en Berdillo).

Esta documentación incorporárase no Anexo 4 ao presente documento.

8. **RESUMO EXECUTIVO**

A LSG e o RLSG establecen a necesidade de que o trámite de información pública posterior á aprobación inicial, inclúa na documentación a exposición un resumo executivo, cuxo contido regulamentario é o seguinte.

RLSG

Artigo 144. Procedemento para a aprobación do plan xeral de ordenación municipal

(...)

6. (...)

O resumo executivo conterá, como mínimo, os seguintes aspectos:

- a) Os ámbitos en que a nova ordenación altere a vivente, cun plano da súa situación e indicación do alcance da dita alteración.
- b) De ser o caso, os ámbitos en que se suspenda o outorgamento de licenzas e a tramitación doutros procedementos, indicando a duración da suspensión.

(...)

En cumprimento ao anterior redáctase o presente apartado.

8.1. OBXECTIVO

O obxectivo da Modificación Nº 2 é corrixir disfuncións en catro viais, xurdidas como consecuencia da execución dunha nova vivenda durante a tramitación do PXOM (no caso de Loenzo de Abaixo), por un erro na delimitación dun novo vial (no caso de Vivente), e para mellorar a mobilidade (no caso de San Miguel e A Igrexa), e co seu desenvolvemento o planeamento urbanístico dará resposta ás necesidades actuais da poboación en materia de mobilidade; polo que se trata de razóns de interese colectivo derivadas dunhas necesidades reais da poboación residente.

A presente Modificación mellora a funcionalidade da ordenación prevista en materia de mobilidade en zonas concretas do sistema viario, e corrixe erros detectados nestes anos de vixencia do PXOM.

As anteriores razóns para realizar a presente Modificación son de interese público, xa que co seu desenvolvemento o plan urbanístico dará resposta ás necesidades actuais da poboación.

8.2. ÁMBITOS NOS QUE A NOVA ORDENACIÓN ALTERA A VIXENTE

O ámbito do documento MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 2 DO PXOM DE CARBALLO EN SOLO DE NÚCLEO RURAL E SOLO RÚSTICO é moi concreto; a continuación se detallan as parcelas catastrais afectadas polo documento.

- Zona1: Loenzo de Abaixo.
15019A24100636, 15019A24100637, 15019A24100638, 15019A24100639, 15019A24100640, 6866606NH2866N, 6866607NH2866N, 6866604NH2866N, 6866608NH2866N, 15019A24100547, 15019A24100676, 15019A24100538, 15019A24100531, 15019A24100674.
- Zona 2: Vivente
5618201NH2851N, 5618202NH2851N.

- Zona 3: San Miguel
8415903NH2981N.
- Zona 4: A Igrexa
15019A09200270, 15019A09200439, 15019A09200440, 15019A09200459, 15019A09200460

Co anterior, o ámbito afectado no presente documento inclúe a totalidade das 22 parcelas catastrais citadas.
A delimitación gráfica do ámbito inclúese no plano RE do presente documento.

8.3. ÁMBITOS EN LOS QUE SE SUSPENDE EL OTORGAMIENTO DE LICENCIAS

O ámbito no que se suspende o outorgamento de licenzas coincide co ámbito en que a nova ordenación altera a vixente, é dicir, o definido no apartado anterior.

Con todo, conforme o establecido no artigo 86.3 do RLSG, esta suspensión non será de aplicación:

- Ás obras de mantemento, conservación e reforma, salvo no caso de obras de rehabilitación integral que sexan equiparables á reconstrución total do edificio, non xustificadas en razóns de urxencia ou que supoñan un aumento do volume edificado.
- Ás licenzas de primeira ocupación.
- Aos proxectos que cumpran simultaneamente o PXOM en vigor e a Modificación, sempre que esta fose aprobada inicialmente.
- Aos actos suxeitos ao trámite de comunicación previa, a condición de que se trate de obras ou actos para a implantación de usos ou actividades autorizados pola Modificación.

A suspensión, dando cumprimento o establecido no artigo 86.2 do RLSG, terá unha duración de dous anos, a contar desde a aprobación inicial, extinguíndose, en calquera caso, coa aprobación definitiva da Modificación.

Carballo, novembro de 2018

Fdo.: Álvaro Fernández Carballada
Arquitecto

Fdo.: Beatriz Aneiros Filgueira
Arquitecto


ANEXOS



PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL CONCELLO DE CARBALLO


CATÁLOGO DE ELEMENTOS A PROTEXER OU RECUPERAR

DENOMINACIÓN POMBAL EN SAN MIGUEL	CLAVE DE IDENTIFICACIÓN CP-1801	PLANO P.X.O.M. D-03
---	---	-------------------------------



1/1.000


1/5.000



CONTORNO DE PROTECCIÓN		ELEMENTO CATALOGADO		COORDENADAS UTM-HUSO 29N		Y: Y:					
X: X:											
	SOLO URBANO SU-C		SOLO URBANIZABLE DISPOSICIÓN TRANSITORIA 13ª SUR-T		SOLO NÚCLEO RURAL COMPLEXO NR-HT/C		SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN FORESTAL SR-PF		SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN PATRIMONIAL SR-PP		SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN PAISAJÍSTICA SR-PX
	SOLO URBANO NON CONSOLIDADO SU-NC		SOLO NÚCLEO RURAL HISTÓRICO-TRADICIONAL NR-HT		SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN ORDINARIA SR-PO		SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN DE COSTAS SR-PC		SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN DE INFRAESTRUCTURAS SR-PI		ACTUACIÓN INTEGRAL EN SOLO DE NÚCLEO RURAL
	SOLO URBANIZABLE DELIMITADO SUR-D		SOLO NÚCLEO RURAL COMÚN NR-C		SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN AGROPECUARIA SR-PA		SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN DAS AUGAS SR-FR		SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN DE ESPAZOS NATURAIS SR-PN		PLAN ESPECIAL DE DOTACIÓN E ESPAZOS LIBRES DO LITORAL (PE)

CLASE DE ELEMENTO
ARQUITECTURA

 TIPOLOXÍA
CONSTRUCCIÓN POPULAR

 CLAVE DE IDENTIFICACIÓN
CP-1801


DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LUGAR:
POMBAL EN SAN MIGUEL	VILELA (SAN MIGUEL)	SAN MIGUEL	

ADSCRICIÓN/ ESTILO	COORDENADAS:
	UTM X = 528460 Y = 4791546

DESCRIPCIÓN

Pombal de planta circular con cuberta cónica rematada por un pináculo, amosando acabados característicos na estrutura rural do núcleo. As súas paredes son de mampostería encalada. No alto da parede leva un alerón para o apoio das pombas. Os únicos vanos que se abren ó exterior son a porta e uns pequenos ocos na parte superior. Edificación tradicional que singulariza a finca anexa á igrexa e que constitúe un importante elemento de referencia na estrutura rural do núcleo.

CATEGORÍA	TITULARIDADE	NIVEL DE PROTECCIÓN	ESTADO DE CONSERVACIÓN	USO
INVENTARIADO	PRIVADO	ESTRUTURAL	BO	POMBAL

CLASE DE SOLO	ORDENANZA DE APLICACIÓN
SOLO DE NÚCLEO RURAL HISTÓRICO-TRADICIONAL	

OBSERVACIÓNS

ELEMENTOS A PROTEXER

MELLORAS NECESARIAS

OBRAS PROHIBIDAS	OBRAS PERMITIDAS
As derivadas do seu nivel de protección	As derivadas do seu nivel de protección

A.P.B.

D^a Susana Mariño Lorenzo, Secretaria Accidental do Concello de Carballo – A Coruña

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada en data 4 de novembro de 2013 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

"8.- LICENZAS DE OBRA E APERTURA.

8.1.- Ampliación do cemiterio parroquial de San Lourenzo de Berdillo. Expte. 29/2012.

EXPEDIENTE: 29/2012 Obra maior
SOLICITANTE: ELADIO GARCIA LOPEZ, en representación do consello parroquial de San Lorenzo de Berdillo
REX. ENTRADA: 3145/2012
ASUNTO: Ampliación de cemiterio parroquial de Berdillo, Carballo
SITUACIÓN: A Igrexa, Berdillo
TÉCNICO: José Carlos Seoane Gonzalez (arquitecto)
Ref. Cat.: 000400500NH28D0001BZ

Logo de ver a documentación do expediente e os informes municipais obrantes no mesmo, extraense os seguintes antecedentes e fundamentos para a resolución deste expediente:

Antecedentes.-

Os antecedentes máis destacables para a resolución deste expediente son os seguintes:

- 1).- Solicitud de licenza para ampliación do cemiterio de Berdillo, presentada con data 22/03/2012 (rex. 3145), acompañando proxecto técnico básico e outra documentación anexa, incluíndo autorización do Arcebispado de Santiago de Compostela. Con data 04/04/2012, rex. 3654, presentouse tamén escrito para solicitar a autorización autonómica en solo rústico previa á licenza municipal.
- 2).- Informe técnico de 09/04/2012, de compatibilidade coa normativa urbanística, con proposta de tramitación do procedemento de autorización autonómica previa á licenza municipal segundo o artigo 41 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA).
- 3.- Exposición pública a través de anuncio no taboleiro de anuncios e no diario El Ideal Gallego de 11/04/2012 para a tramitación da autorización autonómica en solo rústico do artigo 41 da LOUGA.
- 4.- Acordo da Xunta de Goberno Local de 21/05/2012, dando traslado do expediente ao servizo de urbanismo da CMATI aos efectos do trámite da autorización autonómica.
- 5.- Escrito de data 22/06/2012, rexistro 6910, presentando documentación para o trámite de informe e autorización do da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e da Consellería de Sanidade.

- 6.- Presentación de modificado do proxecto básico, con data 22/10/2012, rexistro 11475 (Visado 1202227,4 de 09/10/2012).
- 7.- Informe técnico de 24/10/2012, de compatibilidade urbanística para a tramitación do modificado do proxecto básico presentado.
- 8.- Sometemento do expediente, co modificado do proxecto e documentación complementaria presentada o 28/11/2012 (rex. 13133), ao un novo período de exposición pública a través de anuncios no taboleiro de anuncios, no xornal El Ideal Gallego o día 19/01/2013, anuncio no BOP de 25/01/2013 e no DOG de 15/02/2013. Neste trámite tamén consta que se practicaron varias notificacións individuais a veciños con data 23/01/2013. No constan alegacións presentadas.
- 9.- Acordo da Xunta de Goberno Local de 25/02/2013, dando traslado da documentación ao Servizo de Urbanismo da CMATI, para o trámite de autorización previa autonómica do artigo 41 da LOUGA, do modificado do proxecto.
- 10.- Resolución de data 16/05/2013 da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural autorizando as obras de ampliación do cemiterio parroquial de Berdillo (Expte. 2013/094).
- 11.- Con data 24/04/2013, rexistro 6013, presentouse máis documentación técnica en relación cos acabados das obras e reducindo o volume de nichos.
- 12.- Acordo da Xunta de Goberno Local de 03/06/2013, informando favorablemente e dando traslado Consellería de M.A.T.I para a emisión do informe de avaliación de incidencia ambiental previsto no Decreto 133/2008.
- 13.- Resolución de 12/07/2013 da Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, outorgando a autorización da Comunidade Autónoma en solo rústico prevista no artigo 41 da LOUGA (Expte. T.E. 041/2012).
- 14.- Notificación da Xefatura da Consellería de Sanidade (Rex. Entrada nº 10950 de 22/08/2013), informando favorablemente a ampliación do cemiterio parroquial de Berdillo.
- 15.- Ditame 20/09/2013 de incidencia ambiental da Xefatura Territorial da CMATI sobre a actividade do cemiterio sometida a avaliación ambiental -Expte. CO/0179/2013- (Rex. Entr. 12597 do 26/09/2013).

Fundamentos xurídicos.

Primeiro.- O obxecto do expediente refírese as obras e a actividade que se pretenden levar a cabo para ampliar o cemiterio parroquial de Berdillo, segundo a documentación técnica presentada. A ampliación proxéctase para construír 164 panteóns de 4 nichos, cunha altura de cornixa dos panteóns de 3,50m, resultando unha ampliación de 656 nichos e unha superficie ocupada en planta pola construción de 491,61 m², que xunto coa do cemiterio existente totaliza unha superficie de 1.263,70 m². O obra realizase nunha parcela de 4.148m².

Despois da sentenza o Tribunal Supremo de 2-11-2011 que confirma outra do TSX de Galicia de 1-3-2007, anulando o PXOM aprobado no ano 2003, o planeamento urbanístico vixente no Concello de Carballo está constituído polas normas subsidiarias e complementarias de planeamento (NNSSMM) que foron aprobadas pola Comisión Provincial de Urbanismo o 20/06/1980 e 14/06/1984.

A obra prevista de ampliación do cemiterio sitúase en terreo clasificado polas NNSSMM como solo non urbanizable non protexido. Nesta clase de solo resulta de aplicación íntegra o réxime do solo rústico establecido na Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conforme ao previsto na letra f) da súa disposición transitoria primeira.

Así se deduce tamén dos criterios interpretativos sobre o réxime transitorio aplicable no solo clasificado polo planeamento municipal de Carballo, aprobados polo pleno municipal, na sesión ordinaria de 01-03-2012 (BOP de 19-03-2012).

O Pleno municipal en sesión extraordinaria do 10/01/2013 acordou aprobar inicialmente o Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Carballo (DOG núm. 15 do 22/01/2013). Segundo este planeamento a zona onde se pretende realizar a ampliación do cemiterio resulta coa aplicación do mesmo réxime urbanístico citado, coa particularidade que se inclúe xa unha previsión específica respecto do uso previsto para estes terreos, que se cualifican co uso dotacional de equipamento privado destinado a cemiterio ("EQ-C", "Pr-ob"), co número "O-0401", situado ao lado do cemiterio existente considerado igualmente como uso dotacional privado ("0402", "EQ-C", "Pr-ex") no planeamento aprobado de forma inicial.

Polo tanto, a ampliación do cemiterio resulta compatible co novo planeamento aprobado inicialmente e axústase á previsión expresamente establecida para este terreo respecto do uso dotacional de equipamento (privado) destinado a cemiterio. En consecuencia, non resulta afectado este expediente pola suspensión de licenzas derivada da aprobación inicial do novo PXOM, e conforme ao establecido no artigo 120 do Regulamento de Planeamento, poderán concederse licenzas baseadas no réxime vixente sempre que se respecten as determinacións do novo planeamento.

Segundo.- En aplicación do réxime de solo rústico previsto na Lei 9/2002, destácase que o artigo 33.2.g) recolle como actividade e uso construtivo posible en solo rústico os cemiterios (entre outros), establecéndose na mesma lei como uso autorizable pola Comunidade Autónoma para os solos rústicos de protección ordinaria, de protección agropecuaria e de protección do patrimonio, segundo o disposto no artigos 36, 37.2 e 38.2 da LOUGA.

Polo anterior, tramitouse o procedemento previsto no artigo 41 da LOUGA, co resultado de obter a autorización urbanística autonómica en solo rústico para a ampliación do cemiterio, segundo a resolución de 12/07/2013 da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo (expediente T.E. 041/2012).

Terceiro.- Conforme ao previsto no Regulamento de policía sanitaria mortuoria da C.A. de Galicia -aprobado polo Decreto 134/1998-, a autorización sanitaria tramitouse seguindo o segundo o disposto nos seus artigos 51 a 54. O expediente foi completado coa autorización autonómica en solo rústico do artigo 41 da LOUGA e o informe preceptivo da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural que establece o artigo 54 citado Decreto 134/1998 para a ampliación de cemiterios existentes e, remitida toda a documentación á Consellería de Sanidade, obtivo a resolución sanitaria favorable notificada mediante o escrito da Xefatura Territorial desta consellería que tivo entrada no concello o 22/08/2013 número de rexistro 10950.

Cuarto.- O Decreto 133/2008, de avaliación da incidencia ambiental, inclúe o a actividade de cemiterios no apartado 2.12.4 do anexo I, polo que conforme ao seu artigo 2 resulta esixible someter a obra de ampliación do cemiterio ao procedemento de avaliación de incidencia ambiental.

A tramitación a efectuar polo concello a este respecto ven recollida nos artigos 8 e 9 do Decreto 133/2008. Cumprido o trámite de información

pública segundo consta no expediente e se describe nos antecedentes, remitiuse o expediente á "consellería competente en materia de medio ambiente, xunto coas alegacións presentadas, os informes de compatibilidade emitidos e un informe razoado do concello sobre a incidencia ambiental da actividade no ámbito local e sobre o resultado da información pública practicada."

Como resultado da tramitación ambiental consta no expediente o Ditame 20/09/2013 de incidencia ambiental da Xefatura Territorial da CMATI sobre a actividade do cemiterio sometida a avaliación ambiental -Expte. CO/0179/2013- (Rex. Entr. 12597 do 26/09/2013), no que se inclúen determinadas medidas correctoras.

En base aos antecedentes e fundamentos precedentes, e visto os informes municipais, técnicos e xurídico, emitidos en senso favorable e tendo en consideración a tramitación levada a cabo e o disposto nos artigos 194, 195 e 196 da Lei 9/2002 e demais normativa aplicable, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros (7), acorda:

Primeiro: CONCEDER A LICENZA DE OBRAS para a ampliación do cemiterio parroquial de Berdillo, conforme á documentación técnica presentada (modificado de proxecto básico visado con visado 1202227,4 de 09/10/2012, e planos presentados o 24/04/2013), con suxeición ás condicións xerais, aprobadas en sesión de 1/12/2003, e particulares seguintes:

1.- PROXECTO DE EXECUCIÓN: o proxecto básico non é un documento suficiente para executar as obras, polo que NON SE PODERÁN EMPEZAR AS OBRAS mentres non se presente, e sexa informado favorablemente, o correspondente PROXECTO DE EXECUCIÓN para a ampliación do cemiterio, visado e adaptado ao proxecto básico, e complementado polas xustificacións das normativas correspondentes, memoria e planos de instalacións e estruturas, estudo básico de seguridade e saúde, nomeamentos de arquitecto e arquitecto técnico directores da obra, e demais documentación precisa ós efectos.

2.- Condicións recollidas na resolución da autorización autonómica en solo rústico emitida polo Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo do 12/07/2013:

- De conformidade co previsto no artigo 42.1.e) da Lei 9/2002, farase constar no Rexistro da Propiedade a vinculación da total superficie real do predio de referencia á construción e uso autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ó uso e edificabilidade que a continuación se relacionan:

Uso: cemiterio

Superficie ocupada: 1263,70 m²

Superficie construída: 1263,70 m²

Altura a cornixa: 3,50 m

- As características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, cores e acabados serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións tradicionais do contorno.

- Antes do inicio das obras e implantación do uso, o interesado achegará ó Concello o xustificante da prestación das garantías que lle sexan esixidas por este, para o cumprimento dos compromisos asumidos en orde a corrixir as repercusións que produza a implantación na capacidade e funcionalidade das redes de servizos e infraestruturas existentes, de conformidade co establecido polo artigo 42.1.a).

- Deberanse obter as licenzas municipais e demais autorizacións e informes preceptivos, segundo o disposto na lexislación sectorial que sexa de aplicación.

- Consonte ó disposto no artigo 42.1.f) e g) da LOUG, as obras iniciaranse nun prazo de 6 meses e concluíranse no prazo máximo de 3 anos, contados ámbolos dous dende o outorgamento da preceptiva licenza municipal. Transcorridos os devanditos prazos, entenderase caducada a licenza municipal e a autorización autonómica, logo do expediente

tramitado con audiencia da persoa interesada, e será de aplicación o disposto no artigo 203 da LOUG.

3.- Unha vez rematadas as obras, e antes da posta en funcionamento, deberase tramitar a comunicación á Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade aos efectos de realizar a visita de inspección e obter a preceptiva autorización sanitaria de apertura e funcionamento. Condición establecida no informe da Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade).

4.- PRAZOS DE EXECUCIÓN:

Establécese un prazo para o inicio das obras de seis meses e un prazo para o remate de tres anos, ámbolos dous contados a partir da recepción da notificación da concesión da Licencia.

5.- ESIXENCIA DE LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN:

Unha vez rematadas as obras do proxecto, deberase proceder a solicitar a Licenza de Primeira Ocupación do mesmo, debendo presentar no Concello a documentación precisa para o trámite (Certificado Final de Dirección de Obra, fotografías da vivenda, alta catastral, ...). A licenza de primeira ocupación está regulada na correspondente ordenanza, publicada no BOP nº 128 de 06/06/2002, e require da previa visita de comprobación das obras dos técnicos municipais. A licenza de primeira ocupación, requirirá a previa e preceptiva autorización de apertura e funcionamento da Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade.

Segundo: CONCEDER a licenza de actividade para cemiterio, coas seguintes condicións particulares que se deben cumprimentar no momento en que se solicite a primeira ocupación:

1.- Copia da autorización de apertura e posta en funcionamento emitida pola Consellería de Sanidade.

2.- Para a evacuación de augas residuais deberá conectarse á rede de sumidoiros municipal existente.

3.- Medidas correctoras recollidas no Dictame de Incidencia Ambiental emitido polo Departamento Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas do 20/09/2013:

- No caso de constatare a produción de lixiviados derivados do proceso de descomposición de cadáveres tanto no cemiterio existente como no proxectado, estes non poderán ser infiltrados directamente o chan, deberán ser conducidos por colector cara a fosa séptica.
- No caso de dispoñer de fosa séptica con infiltración no terreo, deberá solicitar perante o Organismo Autónomo Augas de Galicia a autorización de vertido por infiltración no terreo da súa fosa séptica. No caso de que a fosa séptica sexa estanca, deberá limpala periodicamente, xestionando os residuos cun xestor autorizado para a recollida e o transporte destes residuos.
- Durante a fase de explotación, os residuos urbanos ou asimilables entregaranse ao Concello ou empresa adxudicataria da xestión de residuos municipais nas condicións fixadas nas correspondentes ordenanzas.
- Todos os residuos que se xeren como consecuencia da instalación, explotación e desmantelamento deberán ser entregados a xestor autorizado.”

E para que conste, para os efectos oportunos expido o presente certificado coa reserva establecida no art. 206 do R.O.F., de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, en Carballo o seis de novembro de dous mil trece.





RESOLUCIÓN DO 28 DE XUÑO DE 2018 POLA QUE SE FORMULA O INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO DA MODIFICACIÓN PUNTUAL NÚM.2 DO PXOM DE CARBALLO

Promotor: Concello de Carballo

Órgano substantivo: Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo (DXOTU)

Expediente: 2018AAE2187

Código web: 2066/2018

O Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas, da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, formulou a proposta que a continuación se transcribe:

ANTECEDENTES

1. O concello de Carballo conta cun Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) aprobado definitivamente o 04.02.2016.
2. O día 05.04.2018 a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático recibiu un escrito do Concello de Carballo no que solicita iniciar o procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada da *Modificación puntual núm.2 do PXOM de Carballo* (Modificación ou MP), para o que achega o documento ambiental estratéxico e o borrador da proposta.
3. O día 06.04.2018 esta Dirección Xeral iniciou, a través da súa sede electrónica, un período de consulta pública dos documentos recibidos por un prazo de dous meses. Ao mesmo tempo consultouse á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, entre outras administracións públicas.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

1. A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), integra no procedemento de aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico o proceso de avaliación ambiental estratéxica previsto na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental. A través do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, aprobouse o regulamento da citada Lei do solo (RLSG).
2. O artigo 46.2.a) da LSG sinala que deben someterse ao procedemento simplificado de avaliación ambiental estratéxica as modificacións menores dos plans xerais de ordenación municipal. Segundo o seu artigo 83.5, as modificacións de planeamento xeral seguirán as disposicións relativas á tramitación e aprobación dos plans xerais.
3. O artigo 60.4 da LSG establece que o órgano ambiental, tras validar a documentación presentada polo promotor, someterá o borrador do plan e o documento ambiental estratéxico ás consultas do órgano competente en materia de urbanismo, das demais administracións públicas afectadas e das persoas interesadas, que se pronunciarán no prazo de dous meses.
4. O artigo 31.2 da Lei 21/2013 establece que o órgano ambiental emitirá o informe ambiental estratéxico, tendo en conta o resultado das consultas realizadas e de conformidade cos criterios establecidos no seu anexo V. Neste informe poderán determinarse que a modificación ten efectos significativos no ambiente, e polo tanto debe someterse a avaliación ambiental estratéxica ordinaria, ou ben que non presenta efectos significativos podendo aprobarse nos termos que o propio informe estableza.
5. O Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, atribúe á Secretaría Xeral de Calidade

e Avaliación Ambiental as funcións en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente. A través do Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, dita secretaría pasa a denominarse Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático.

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

1. Características da Modificación puntual


Ámbito de actuación: a Modificación afecta a catro ámbitos independentes da superficie municipal de Carballo. A primeira realízase no núcleo de Loenzo de Abaixo (Bértoa), a segunda no núcleo de Vivente (Ardaña), a terceira no núcleo de San Miguel (Vilela) e a cuarta xunto ao cemiterio parroquial de Berdillo, próximo ao núcleo da Igrexa.



Obxecto: modificar a ordenación do PXOM vixente para introducir cambios no sistema viario.

Proposta: a proposta para cada unha das zonas é a seguinte:


- Núcleo de San Loenzo de Abaixo (Bértoa): a nova ordenación propón eliminar a metade oeste dun viario previsto, dada imposibilidade da súa execución ao edificarse unha nova vivenda que afecta ao seu trazado. O viario atravesa terreos cualificados como solo de núcleo rural común. A modificación reduce a lonxitude do viario e o seu largo, cunha redución de viario duns 1.045 m², que pasan ao solo de núcleo rural común.




- Viario proxectado no núcleo de Vivente (Ardaña): o PXOM prevé este viario para comunicalo coa estrada DP-1914, pero situouse por erro demasiado ao sur, incluíndo parte dunha parcela doutra propiedade, polo que se propón desprazalo lixeiramente ao norte, coincidindo co límite da propiedade.



- Núcleo de San Miguel (Vilela): ampliase o viario para facilitar o aparcadoiro xunto aos equipamentos existentes (igreja e cemiterio). Os terreos previstos como solo de núcleo rural pasan a viario nunha superficie de 473 m². Engádense condicións de urbanización para garantir a protección do elemento patrimonial existente (pombal de San Miguel).



- Cemiterio parroquial de Berdillo, próximo ao núcleo da Igrexa: propónse a ampliación da lonxitude do viario de acceso ao cemiterio, a fin de dar servizo aos terreos previstos para a súa ampliación. O viario ten un largo de 5,5 m e é continuo aos nichos do cemiterio orixinario clasificados como solo rústico de protección agropecuaria para dar acceso á ampliación do cemiterio prevista no PXOM.



2. Características ambientais da área probablemente afectada

A Modificación localízase no termo municipal de Carballo, concello do oeste da provincia da Coruña que constitúe a capital da comarca de Bergantiños. O municipio conta cunha superficie de 186,1 km² e unha poboación de 31.195 habitantes (INE 2017).

O ámbito de actuación son catro zonas de Carballo, nas que se modifica o planeamento para mellorar a ordenación de certas vías nos núcleos de Loenzo de Abaixo, Vivente, San Miguel e A Igrexa. Así, principalmente afecta a aspectos normativos e de modificacións no reparto das superficies asignadas ao sistema local viario, núcleo rural e solo rústico.

O ámbito pertence á conca hidrográfica da zona costeira da Coruña, no caso da modificación no núcleo de Loenzo de Abaixo, e da conca do río Anllóns nas tres restantes. Porén ningunha das afecta a cursos fluviais nin ás súas servidumes.

A proposta non afecta a espazos protexidos pola Rede galega de espazos protexidos ou pola Rede Natura 2000, así como tampouco a outros instrumentos que contén con algún réxime de protección por aplicación da lexislación de conservación da natureza, dos espazos naturais ou da flora e a fauna. Porén, o núcleo de San Loenzo de Abaixo atópase incluído nunha área de ordenación do ámbito do Plan de ordenación do litoral (POL).

Respecto aos elementos do patrimonio cultural, unicamente se ven afectados no caso do núcleo de San Miguel, que se atopa dentro do contorno de protección de 9 bens catalogados e -no caso do núcleo da Igrexa- a vía que dá servizo ao cemiterio localízase próxima a 3 bens catalogados (casa reitoral, igrexa de Berdillo e cruceiro de San Lourenzo).



3. Período de exposición pública e consultas previas

Recibiuse resposta da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, do Instituto de Estudos do Territorio, da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural e da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica. Tamén se recibiu un escrito dun particular.

O Concello deberá considerar a totalidade destas observacións no proceso de elaboración da MP, para o cal se lle remiten os textos íntegros recibidos. Non obstante, resúmense a continuación as principais cuestións formuladas:

Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

Respecto da modificación do viario en Loenzo de Abaixo, sinala que se procederá a unha maior xustificación das razóns de interese público, máis alá da actual titularidade privada dos terreos e da edificación.

En relación á modificación de viario en Vivente, incorporaranse os datos relativos ao acordo cos propietarios concretos que motiva a consideración do grafado do viario nos planos de ordenación do plan xeral como erróneo, para os efectos de xustificar a modificación. Corrixíranse as contradicións detectadas nos planos.

Sobre a creación de viario xunto ao cemiterio próximo á igrexa, o viario debe alcanzar 8 metros para garantir que as construcións e cerramentos existentes cumpran coa distancia mínima ao eixo da vía establecido no artigo 92.1 da LSG e 217 do RLSC. O grafado do novo viario no plano de ordenación debe ser específico e non confundirse co trazado dos viarios existentes.

O borrador inclúe, por erro, planos de información e ordenación da modificación nº1 do PXOM, que cómpre excluír. Incorporaranse a totalidade dos planos de información, pois no borrador non figuran parte dos citados no seu índice.

A previsión de novos terreos dotacionais públicos (modificacións en San Miguel e A Igrexa) require que o proxecto conteña a fixación do sistema de obtención dos terreos e as variacións na estratexia de actuación e no estudo económico necesarias para reflectir tales determinacións.

Para a tramitación da Modificación (art. 83.5 LSG) seguirase o procedemento sinalado no artigo 60 LSG.

Instituto de Estudos do Territorio

Informa de que o borrador e o documento ambiental estratéxico non inclúen ningunha referencia á paisaxe das zonas afectadas.

Indica que de acordo co Catálogo das Paisaxes de Galicia, os núcleos aos que se refire a Modificación puntual localízanse na grande área paisaxística das Chairas e Fosas Occidentais, nas comarcas paisaxísticas de Bergantiños e do Arco Bergantiñán (San Miguel).

Establece que as modificacións propostas para os núcleos de Loenzo de Abaixo, A Igrexa e Vivente refírense á apertura ou modificacións de vías e carecen de afeccións destacadas á paisaxe dos núcleos. No caso do núcleo de San Miguel, se ben a superficie afectada é de escasa entidade, existen valores estéticos, etnográficos e arquitectónicos (pombal, igrexa parroquial e panorámicas ao val e edificacións tradicionais da contorna) que lle confiren unha alta capacidade paisaxística ao ámbito.

Achega unha serie de recomendacións co obxecto de garantir a boa inserción paisaxística da intervención, como son:

- Un deseño do viario adaptado á topografía, minimizando movementos de terras e valorando a conservación de elementos vexetais de interese.

- O acondicionamento de espazos libres procurará a mínima urbanización, optando por especies autóctonas, evitando pantallas visuais continuas. Evitarase a instalación de mobiliario e/ou sistemas de iluminación de tipoloxías urbanas.
- Para os pavimentos optarase por solucións de baixo impacto na contorna e alta permeabilidade, cando menos nos tramos destinados a tránsito peonil e aparcadoiros.

Conclúe que, polo que atinxe ás súas competencias en materia de paisaxe, a Modificación puntual núm.2 do PXOM non provocará un impacto paisaxístico significativo, se ben deben tomarse en consideración as recomendación expresadas anteriormente.

Lembra que a MP, tras a súa aprobación inicial, deberá someterse a informe do Instituto de Estudos do Territorio.

Dirección Xeral do Patrimonio Cultural

Indica que, das catro actuacións previstas, as dúas que teñen incidencia na protección do patrimonio son as propostas nos núcleos de San Miguel e da Igrexa. No núcleo de San Miguel, o ámbito afectado pola Modificación atópase dentro do contorno de protección común a 9 bens catalogados no PXOM vixente. A proposta para o núcleo da Igrexa afecta á vía que dá servizo ao cemiterio. Nas inmediacións do camposanto hai 3 bens catalogados, aínda que o seu contorno de protección non afecta ao ámbito da proposta, polo que se considera que non ten incidencia desde o punto de vista da protección do patrimonio.

No núcleo de San Miguel a Modificación afecta a un ámbito clasificado como núcleo rural tradicional. A vía que serve de soporte ao núcleo deberá ter unha traza orgánica, tradicional, adaptada á topografía, non reticular ou que indique un trazado actual. Este tipo de trazado só se aceptará como prolongación ou crecemento lóxico e coherente coa vía de armazón tradicional do núcleo orixinario.

A proposta pretende aumentar a vía que dá acceso á igrexa e ao cemiterio, creando un aparcamento na parcela anexa á igrexa. O pombal catalogado (CP-1801) está situado dentro da parcela que se prevé destinar a aparcamento. A parcela escollida atópase no medio do núcleo, nunha zona na que se concentran varios bens catalogados e que, pola súa posición estratéxica, debería funcionar como espazo libre, de reunión dos veciños. Polo tanto, o emprazamento proposto para o aparcadoiro, xeraría máis presión sobre os bens catalogados e aumentaría o tráfico neste punto tan sensible.

Débese prever a necesidade de accesos cómodos ao aparcadoiro, así como situacións posibles de cambios de sentido ou cruce de vehículos. O aparcadoiro deberá situarse nunha parcela algo máis afastada de centro do núcleo, como algunha das parcelas baleiras ao redor do cemiterio que, estando próximas aos equipamentos aos que se pretende dar servizo, non supoñen un impacto tan importante sobre os bens catalogados. Unha vez escollido o emprazamento idóneo para o aparcamento, deberanse definir as condicións de urbanización para o ámbito, de xeito que se cumpran as determinacións da LPCG para as actuacións nos contornos de protección dos bens catalogados. Empregaranse estratexias como o uso de vexetación autóctona ou solucións de pavimentación pouco robustas para amortecer o impacto do novo sistema xeral sobre o patrimonio cultural.

Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica

Informa que no ámbito do concello existen dúas instalacións de acuicultura continental segundo a Lei 7/1992, do 25 de xullo, de Pesca Fluvial, dedicadas ao cultivo da troita arco da vella, en Ermeade e A Revolta.

Con respecto á planificación actual da acuicultura, mentres non se aprobe o Plan Director de Acuicultura Litoral (PDAL), a Orde do 15 de marzo de 2012, conxunta das Consellerías de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, e do Medio Rural e do Mar, sobre réxime da avaliación



ambiental dos establecementos de acuicultura na parte litoral da zona terrestre establece o réxime aplicable para os establecementos en virtude da normativa vixente. No visor cartográfico do PDAL obsérvase que nun dos ámbitos afectados por esta modificación puntual, San Miguel de Vilela, está baixo o nivel de protección 3 dentro do marco de coherencia territorial do plan.

Das catro actuacións descritas, unha delas ten lugar no ámbito do PDAL que se circunscribe ao ámbito de xestión do POL. Non obstante a proposta non tería incidencia do sector acuícola nin no desenvolvemento actual da acuicultura no ámbito do concello.

Particular

Sinala que na modificación prevista en Loenzo de Abaixo non se teñen en consideración os motivos para a concesión de licenza de obra realizada á vivenda afectada. Afirmo que a vía de acceso á vivenda discorre pola súa propiedade, e non foi utilizada en ningún momento para tal fin, polo que solicita que se lle detallen as modificacións que se pretenden levar a cabo.

4. Efectos ambientais previsibles. Análise segundo os criterios do anexo V da Lei 21/2013

Analizada a documentación remitida, as características do ámbito afectado, así como as respostas ás consultas realizadas, fanse as seguintes consideracións:

Con esta Modificación puntual preténdese modificar unha serie de condicións de ordenación en catro ámbitos do concello de Carballo, principalmente tendentes á transformación ou apertura de vías. A execución da Modificación suporá un cambio no reparto das superficies asignadas a distintos usos, porén non supón efectos sobre o consumo de solo.

Poden darse afeccións á **paisaxe** na contorna do núcleo de San Miguel, dado que existen valores estéticos, etnográficos e arquitectónicos, así como panorámicas ao val, que lle confiren unha alta capacidade paisaxística e que requirirán de medidas de integración para asegurar unha boa inserción visual da actuación.

Ao respecto do **patrimonio cultural**, a ampliación da vía que discorre polo interior do núcleo tradicional de San Miguel, así como o emprazamento proposto para o novo aparcadoiro, supoñen unha afección ao contorno de varios bens catalogados.

A MP terá, en xeral, un efecto positivo sobre a **movilidade**, ao posibilitar unha mellor accesibilidade aos núcleos rurais e equipamentos. Porén, no núcleo de San Miguel a ampliación da vía prevista pode dar lugar a un incremento de tráfico nunha zona sensible.

As posibles afeccións sobre a paisaxe, o patrimonio cultural e a mobilidade non se consideran significativas, se ben, para favorecer un uso sustentable do territorio, a Modificación puntual deberá considerar as determinacións ambientais que se establecen neste informe.

PROPOSTA

Tendo en conta o indicado nos apartados anteriores, e a análise realizada segundo os criterios do anexo V da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, propoño non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria a *Modificación puntual núm.2 do PXOM de Carballo*, ao considerar que non se producirán efectos significativos no ambiente. No entanto, para favorecer a sustentabilidade da proposta, establécense as seguintes **determinacións**:

- Deberase revisar o emprazamento proposto para o aparcamento no núcleo de San Miguel, considerando unha localización máis afastada do centro do núcleo, que minimize a presión sobre os bens catalogados.

- Para garantir unha boa integración paisaxística das actuacións previstas no núcleo de San Miguel, atenderase ás consideracións establecidas polo Instituto de Estudos do Territorio no que respecta ao deseño do viario, ao acondicionamento dos espazos libres e aos pavimentos.

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2018

A xefa do Servizo de Avaliación Ambiental
de Plans e Programas

Margarita Segade Castro

Conforme:

O subdirector xeral de Avaliación Ambiental

José Manuel Tobío Boquete

RESOLUCIÓN

De conformidade coa proposta anterior, resolvo **non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria a Modificación puntual núm.2 do PXOM de Carballo**. Non obstante, para evitar ou minimizar posibles efectos ambientais, integrárase no planeamento as determinacións que se indican na proposta transcrita.

Este informe ambiental estratéxico farase público no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (www.cmaot.xunta.gal); remitírase ao Concello de Carballo, xunto á copia dos informes e comentarios recibidos na fase de consultas previas, para a súa consideración na tramitación da *Modificación puntual núm.2 do PXOM de Carballo*.

A resolución perderá a súa vixencia e cesará na produción dos efectos que lle son propios se, unha vez publicada no *Diario Oficial de Galicia*, non se aprobase a Modificación no prazo máximo de catro anos dende a súa publicación.

Contra esta resolución non procederá recurso algún, sen prexuízo dos que procedan en vía administrativa ou xudicial fronte ao acto, no seu caso, de aprobación da *Modificación puntual núm.2 do PXOM de Carballo*.

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2018

A directora xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático

María Cruz Ferreira Costa



INFORME SOBRE A MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL Nº 2 DO CONCELLO DE CARBALLO (A CORUÑA), PARA OS EFECTOS DO TRÁMITE DE CONSULTAS PREVISTO NO ARTIGO 60.4 DA LEI DO SOLO DE GALICIA.

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático (órgano ambiental ou DXCACC), somete a consultas da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo (DXOTU) a modificación referida en virtude do artigo 60.4, en relación co 83.5, da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG).

Logo de analizar a documentación obxecto da consulta, redactada polos arquitectos Álvaro Fernández Carballada e Beatriz Aneiros Filgueira en marzo de 2018; e vista a proposta subscrita pola Subdirección Xeral de Urbanismo, emítense o seguinte informe:

I. ANTECEDENTES

1. O Concello de Carballo conta cun plan xeral de ordenación municipal aprobado definitivamente por Orde desta consellería do 4/02/2016.
2. O órgano ambiental someteu esta modificación a consultas da DXOTU por resolución de data 06/04/2018; achegando:
 - a) Borrador do plan, titulado *Modificación puntual nº 2 do PXOM de Carballo en solo de núcleo rural e solo rústico. Borrador de plan.*
 - b) *Documento ambiental estratéxico* relativo á modificación.

II. OBXECTO E DESCRICIÓN DO PROXECTO

1. A modificación acada catro alteracións da ordenación do PXOM vixente situadas en ámbitos independentes, relativas todas á rede viaria prevista polo plan xeral.
2. A primeira modificación realízase no núcleo de Loenzo de Abaixo (Bértoq), e consiste en eliminar a metade oeste dun viario previsto, dada a imposibilidade da súa execución ao edificarse unha nova vivenda que afecta ao seu trazado (punto 3.2.2 do borrador) alégase pola necesidade de obter os terreos (non prevista nas accións do plan xeral que o considerou existente) e a existencia da nova edificación.

O viario atravesa terreos cualificados como solo de núcleo rural común residencial en grao 1 (2₁) (plano de núcleos rurais a escala 1/2000, folla BERT-01). A ordenanza correspondente (artigo 336 da normativa) determina: parcela mínima 1.000 m², ocupación 40%, edificabilidade 0,40 m²/m², e 15 m de fronte mínimo.

A modificación reduce a lonxitude do viario de 185 a 115 m, convérteo nun fondo de saco cun largo de 7 m (en vez de 10), cunha redución da superficie a viario duns 1.045 m², que pasan a cualificarse como solo de núcleo rural común grao 1 (2₁).

3. A segunda modificación afecta a un novo treito de viario proxectado polo plan xeral no núcleo de Vivente (Ardaña) para comunicalo coa estrada provincial DP 1914,





desprazando lixeiramente ao norte o viario para coincidir co límite da propiedade con convenio que posibilita a apertura (puntos 2.5.2 e 3.2.2 do borrador).

O treito de viario ten uns 22 m de longo e 8 m de largo en terreos cualificados como solo de núcleo rural histórico-tradicional residencial (ordenanza 1: 500 m² de parcela mínima, ocupación 40% e edificabilidade 0,50 m²/m²), que se reduce nuns 44 m², e supón correlativamente o incremento da mesma superficie dos cualificados como solo de núcleo rural común grao 1 (2^o) lindeiros (plano de núcleos rurais folla ARD-3).

4. A terceira modificación consiste na ampliación do viario no núcleo de San Miguel (Vilela) para facilitar o aparcamento xunto aos equipamentos existentes (igreja e cemiterio) (punto 3.2.2 do borrador). Recualifícanse terreos previstos como solo de núcleo rural histórico-tradicional residencial (ordenanza 1, plano de núcleos rurais 1/2000 do plan xeral, folla VIL-1) a viario, que se codifica como SX-VI/AU22, nunha superficie de 473 m². Engádense unhas condicións de urbanización co obxecto de garantir a protección do elemento de interese patrimonial existente (o pombal de San Miguel, incluído no catálogo do plan xeral co código CP-1801) e do contorno.
5. A cuarta modificación consiste na creación dun treito de viario duns 75 m de longo e 5,5 m de largo xunto ao cemiterio parroquial de Berdillo (próximo ao núcleo da Igrexa, folla BERD-02 do plano de núcleos rurais) sobre terreos clasificados como solo rústico de protección agropecuaria (plano de clasificación folla D-05) para dar acceso á ampliación do cemiterio prevista no PXOM, que conta con autorización autonómica ao abeiro do artigo 41 da LOUG (expte. TE 041/2012, resolución do 12/07/2013).

III. INFORME

1. Modificación de viario en Loenzo de Abaixo (parroquia de Bértoa).

Procederáse a unha maior xustificación das razóns de interese público da modificación, máis alá da actual titularidade privada dos terreos e da edificación, que por si só non é suficiente tendo en conta a diminución da capacidade e funcionalidade do viario (artigo 83.1 da LSG).

2. Modificación de viario en Vivente (parroquia de Ardaña).

Incorporaranse os datos relativos ao acordo cos propietarios concretos que motiva a consideración do grafado do viario nos planos de ordenación do plan xeral como erróneo, para os efectos de xustificar a modificación. Corrixírase a contradición observada no plano Or-01.2 do borrador, entre a liña que delimita o solo de núcleo rural común do histórico-tradicional e as cores de cada tipo de solo (franja de 2 m ao coa cor do núcleo rural común e que está dentro de núcleo rural histórico-tradicional).

3. Creación de viario xunto a cemiterio próximo á Igrexa (parroquia de Berdillo)

O viario proxectado ten un largo de 5,5 m e é contiguo aos nichos do cemiterio orixinario. O viario debe alcanzar 8 m para garantir que as construcións e cerramentos existentes cumpran coa distancia mínima ao eixe da vía establecido no artigo 92.1 da LSG e 217 do RLSG. Noutro caso quedaría en situación de incompatibilidade coas determinacións do plan, no marco dos citados preceptos normativos.





O grafado do novo viario no plano de ordenación debe ser específico e non confundirse co trazado dos viarios existentes reflectido na cartografía base do Plan.

4. Outros aspectos do contido da modificación.
 - a) O borrador inclúe, por erro, planos de información e ordenación da modificación nº 1 do PXOM, que cómpre excluír. Incorporaranse a totalidade dos planos de información, pois no borrador non figuran parte dos citados no seu índice.
 - b) A previsión de novos terreos dotacionais públicos (modificacións en San Miguel e o A Igrexa) require que o proxecto conteña todas as determinacións e documentos:
 - Fixación do sistema de obtención dos terreos (artigo 52.f) LSG e 105.1.f) RLSG).
 - Variacións na estratexia de actuación e no estudo económico necesarias para reflectir tales determinacións (artigo 59 LSG e 143 RLSG).
5. Para a tramitación da modificación (art. 83.5 LSG) seguirase o procedemento sinalado no artigo 60 LSG.

Santiago de Compostela (data e sinatura dixitais)

A directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo,

M^a Encarnación Rivas Díaz





Expediente IET: P-18-199
Plan ou programa: Modificación puntual nº2 do plan xeral de ordenación municipal
Concello: Carballo (A Coruña)
Promotor: Concello de Carballo
Expediente DXCACC: 2018AAE2187

CONTESTACIÓN A CONSULTA NO PROCEDIMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA SIMPLIFICADA

Con data do 06/04/2018, a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático somete a consulta do Instituto de Estudos do Territorio (IET) o borrador e o documento ambiental estratéxico do plan ou programa referido no encabezamento, de acordo co artigo 60.4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, no marco do procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada, de acordo co establecido na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

1. Marco legal:

De acordo cos artigos 60.4 e 83.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e tendo en conta o disposto no artigo 30.1 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, o órgano ambiental debe consultar ás Administracións públicas afectadas, poñendo á súa disposición o documento ambiental estratéxico e o borrador da modificación puntual que se somete a avaliación. Conforme ao artigo 5 da Lei 21/2013, entre as Administracións afectadas atópanse as que teñen competencia específica en materia de paisaxe.

En virtude do punto dous da disposición adicional segunda do Decreto 244/2011, do 29 de decembro, polo que se aproban os estatutos do organismo autónomo Instituto de Estudos do Territorio, este asume as competencias en materia de paisaxe, que se exercen de acordo coa Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia.

2. Descrición da modificación puntual:

A modificación puntual ten por obxecto modificar o planeamento para mellorar a ordenación de certas vías nos núcleos de Loenzo de Abaixo, Vivente, San Miguel e A Igrexa.

No caso da modificación no núcleo de San Miguel (SX- VI/ AU22), o borrador incorpora a redacción dun novo artigo a incorporar na normativa do PXOM, destinado a establecer condicións de urbanización para o ámbito acordos aos valores patrimoniais presentes.

O borrador e o documento ambiental estratéxico non inclúen ningunha referencia á paisaxe das zonas afectadas.

3. Análise da incidencia da modificación puntual sobre a paisaxe:

De acordo co Catálogo das paisaxes de Galicia, aprobado polo Decreto 119/2016, do 28 de xullo, (DOG do 25/08/2016), os núcleos aos que se refire a modificación puntual localízase na grande área paisaxística das Chairas e Fosas Occidentais, nas comarcas paisaxísticas de Bergantiños e do Arco Bergantiñán (San Miguel).



As modificacións propostas para os núcleos de Loenzo de Abaixo, A Igrexa e Vivente refírense á apertura ou modificacións de vías e carecen de afeccións destacadas á paisaxe dos núcleos afectados. No caso do núcleo de San Miguel, se ben a superficie afectada é de escasa entidade, existen valores estéticos, etnográficos e arquitectónicos (pombal, igrexa parroquial e panorámicas ao val e edificacións tradicionais da contorna) que lle confiren unha alta calidade paisaxística ao ámbito. Na redacción proposta para o artigo referido ás condicións específicas de urbanización deste ámbito, co obxecto de garantir a boa inserción paisaxística da intervención, recoméndase engadir as seguintes consideracións:

- O deseño do viario debe adaptarse á topografía, minimizando os movementos de terras, buscando a máxima naturalidade e valorando a oportunidade de conservar os elementos vexetais de interese (especialmente na contorna inmediata ao ben catalogado).
- O acondicionamento dos espazos libres deberá procurar a mínima urbanización do mesmo. De preverse novas plantacións deberá optarse por especies autóctonas, procurando en todo caso evitar pantallas visuais continuas que supoñan unha mingua nos valores panorámicos. Así mesmo, se evitará a instalación de mobiliario e /ou sistemas de iluminación de tipoloxías urbanas.
- Respecto dos pavimentos, procurarase optar por solucións de baixo impacto na contorna, como xabre, zahorra ou macádám, cando menos daqueles tramos destinados a tránsito peonil e aparcadoiro. Se por necesidades funcionais resulta imprescindible o uso de materiais máis resistentes, deberán escollerse preferentemente solucións de alta permeabilidade.

4. Conclusión:

Polo que atinxe ás competencias deste departamento en materia de paisaxe, considérase que a modificación puntual número 2 do plan xeral de ordenación municipal non provocará un impacto paisaxístico significativo, se ben deben tomarse en consideración as recomendacións expresadas anteriormente.

Cómpre lembrar que de acordo co artigo 7.2 da Lei 7/2008 (modificado pola Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas), e tendo en conta o disposto no artigo 83.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, a modificación, tras a súa aprobación inicial, deberá someterse a informe do Instituto de Estudos do Territorio.

O xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe
José Luís Álvarez Vicente

O director do Departamento Técnico de Estudos
Alfredo Fernández Ríos

Visto e conforme, a directora do Instituto de Estudos do Territorio
Inés Santé Riveira

(Documento asinado electronicamente)





OBSERVACIÓNS E SUXESTIÓNS DA DIRECCIÓN XERAL DO PATRIMONIO CULTURAL EN RELACIÓN CO TRÁMITE DE CONSULTAS NO PROCEDIMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA SIMPLIFICADA DA MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº2 DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL, CARBALLO

<u>Trámite:</u>	Consulta no procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada
<u>Documento:</u>	Borrador e documento ambiental estratéxico (DAE) da <i>Modificación puntual nº2 do Plan xeral de ordenación municipal, Carballo</i>
<u>Ámbito:</u>	Núcleos rurais de Loenzo de Abaixo, Vivente, San Miguel e A Igrexa
<u>Autor:</u>	Fernández Carballada asociados
<u>Promotor:</u>	Concello de Carballo
<u>Data da solicitude:</u>	09.04.2018
<u>Código web:</u>	2066/2018
<u>Expediente:</u>	2018/1209

MARCO LEGAL

O instrumento de planeamento urbanístico xeral vixente no concello de Carballo é o Plan xeral de ordenación municipal (en diante PXOM), aprobado definitivamente o 04.02.2016.

É de aplicación o disposto nas seguintes disposicións normativas:

- Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español.
- Resolución do 14 de maio de 1991 da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, pola que se aproban as normas complementarias e subsidiarias de planeamento da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra.
- Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na CCAA de Galicia
- Decreto 232/2008, do 2 de outubro, sobre o Inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia
- Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban definitivamente as directrices de ordenación do territorio
- Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia

INTRODUCCIÓN

En virtude do previsto nos artigos 46 e 60 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (en diante LSG), o 09.04.2018 recíbese nesta dirección xeral a consulta no procedemento de avaliación ambiental estratéxica da *Modificación puntual nº2 do Plan xeral de ordenación municipal, Carballo*, remitida pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático. A remisión da consulta xustifícase en que "A *Modificación inclúe un aumento do sistema viario sobre o solo do núcleo rural tradicional de San Miguel, no ámbito dun elemento de interese cultural (un pombal)*".

No marco do Estatuto de Autonomía de Galicia (artigo 27), correspóndelle á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva en materia do patrimonio histórico, artístico, arquitectónico, arqueolóxico, de interese de Galicia. O artigo 34.1 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (en diante LPCG) establece que todos os plans, programas e proxectos relativos a ámbitos como a paisaxe, o desenvolvemento rural ou as infraestruturas ou calquera outro que poida supoñer unha afección ao patrimonio cultural de Galicia pola súa incidencia sobre o territorio, deberán ser sometidos ao informe da consellaría competente en materia de patrimonio cultural. En base á dita competencia fórmulanse as seguintes observacións e suxestións á *Modificación puntual nº2 do Plan xeral de ordenación municipal, Carballo*:

1. Obxecto do documento

O OBXECTO deste expediente é modificar a ordenación do PXOM vixente en 4 núcleos rurais do concello de Carballo para introducir cambios no sistema viario existente. O apartado 3 do DAE concreta estes obxectivos:

- *Eliminar o sistema viario previsto no baleiro do núcleo de Loenzo de Abaixo, como consecuencia da edificación dunha nova vivenda que afecta ao trazado previsto.*
- *Axustar o vial previsto en Vivente aos límites da propiedade, a fin de afectar unicamente á parcela coa que existe acordo.*

- Ampliar o vial existente no núcleo de San Miguel, nas proximidades dos equipamentos existentes, xerando unha nova zona de aparcamento, establecendo as medidas de cara a garantir a protección, conservación e posta en valor de elemento de interese patrimonial existente e do entorno.
- Ampliar o vial existente no núcleo de A Igrexa, dando con elo servizo á ampliación do cemiterio prevista.

2. Incidencia da modificación puntual sobre o patrimonio cultural de Galicia

O artigo 1 da LPCG establece que o patrimonio cultural de Galicia está constituído polos bens mobles, inmobles ou manifestacións inmateriais que, polo seu valor artístico, histórico, arquitectónico, arqueolóxico, paleontolóxico, etnolóxico, antropolóxico, industrial, científico e técnico, documental ou bibliográfico, deban ser considerados como de interese para a permanencia, recoñecemento e identidade da cultura galega a través do tempo.

Das 4 actuacións previstas, as dúas que teñen incidencia na protección do patrimonio son as propostas nos núcleos de San Miguel e da Igrexa.

No núcleo de San Miguel, o ámbito afectado pola modificación puntual (en diante MP) atópase dentro do contorno de protección común a 9 bens catalogados no PXOM vixente:

- Casa reitoral de San Miguel de Vilela (AC-1801)
- Igrexa de Vilela, parroquial de San Miguel (AR-1801)
- Pombal en San Miguel (CP-1801)
- Fonte e lavadoiro de San Miguel (CP-1802)
- Vivenda (CP-1803)
- Vivenda (CP-1804)
- Vivenda (CP-1805)
- Hórreo (CP-1806)
- Cruceiro de Vilela (ER-1801)

A proposta neste ámbito inclúe: *o aumento do vial de acceso aos equipamentos do extremo leste do núcleo, creando unha zona de aparcamento que de este servizo a esta zona, denominado SX-VI/AU22 e a definición das condicións de urbanización da superficie de novo vial, co obxectivo de garantir a protección, conservación e posta en valor de elemento de interese patrimonial existente e do entorno.*

A proposta para o núcleo da Igrexa afecta á vía que da servizo ao cemiterio. Nas inmediacións do camposanto hai 3 bens catalogados, mais o seu contorno de protección non afecta ao ámbito da MP, polo que se considera que non ten incidencia desde o punto de vista da protección do patrimonio:

- Casa reitoral (AC-0401)
- Igrexa de Berdillo, parroquial de San Lourenzo (AR-0401)
- Cruceiro de San Lourenzo de Berdillo (ER-0404)

3. Medidas protectoras e correctoras

A MP no núcleo de San Miguel afecta a un ámbito de solo clasificado como NÚCLEO RURAL TRADICIONAL (en diante NRT). Cómpre lembrar que o NRT se caracteriza polas súas características morfolóxicas singulares, a tipoloxía tradicional das súas edificacións e a súa vinculación tradicional co medio físico no que se sitúa. Estas características que identifican ao NRT son un ben a protexer en si mesmo; é por isto que a súa estrutura orixinal debe manterse, evitando actuacións que desvirtúen a súa morfoloxía. En concreto, a vía que serve de soporte ao núcleo, deberá ter unha traza orgánica, tradicional, adaptada á topografía, non reticular ou que indique un trazado actual. Este tipo de trazado só se aceptará como prolongación ou crecemento lóxico e coherente coa vía armazón tradicional do núcleo orixinario¹.

O apartado 2.3 do borrador afirma que *“a Modificación deberá establecer unhas condicións de urbanización para a ampliación do vial, acordes aos valores culturais existentes. Así mesmo, o presente documento deberá ser informado por la Dirección Xeral do Patrimonio Cultural”*.

A LPCG establece no seu artigo 46 os criterios específicos de intervención no contorno de protección. Segundo esta norma, o contorno de protección debe manterse cos seus valores ambientais, polo que as intervencións que se realicen deben resultar harmoniosas coas condicións características do ámbito. Deberán procurar a súa integración en materiais, sistemas construtivos, volume, tipoloxía e cromatismo, así como garantir a contemplación adecuada do ben. En concreto, teranse en conta os seguintes criterios específicos, sen prexuízo da aplicación de criterios de viabilidade para a implantación e desenvolvemento de intervencións e actividades:

- Procurarase evitar os movementos de terras que supoñan unha variación significativa da topografía orixinal do contorno.
- Procurarase a súa compatibilidade cos elementos configuradores da estrutura territorial tradicional, como son a rede de camiños, os muros de peche, as sebes, as tapias, os noiros e outros semellantes.

¹ Artigo 33.2 do RLSG



- c) Empregaranse materiais, solucións construtivas e características dimensionais e tipolóxicas en coherencia co ámbito en calquera tipo de intervencións.
- d) Manteranse preferentemente a estrutura e a organización espacial do contorno, coa conservación xeral das aliñacións e rasantes.
- e) Procurarase e valorarase a integración e compatibilidade dos usos e costumes tradicionais e característicos configuradores do ambiente cos de nova implantación.
- f) Facilitarase a implantación de actividades complementarias compatibles cos valores culturais dos bens que garantan a continuidade do seu mantemento co establecemento de novos usos.

A proposta do borrador pretende aumentar a vía que da acceso á igrexa e ao cemiterio, creando ademais un aparcamento na parcela anexa á igrexa (SX-VI/AU22).

O pombal catalogado (CP-1801) está situado dentro da parcela que se prevé destinar a aparcamento.

Deberase REVISAR O EMPRAZAMENTO proposto para o aparcamento, pois a parcela escollida atópase no medio do núcleo, nunha zona na que se concentran varios bens catalogados, no medio dunha trama compacta e consolidada, polo que unicamente xera máis presión sobre os bens catalogados e aumenta o tráfico neste punto tan sensible.

Enténdese a necesidade de crear unha zona de aparcadoiro que dea servizo á igrexa e ao cemiterio, pero esta necesidade non se pode impoñer sobre a protección e conservación dos bens catalogados e do seu contorno de protección.

A parcela veciña á igrexa na que se atopa o pombal semella, pola súa posición estratéxica, un espazo de reunión, unha zona vinculada á igrexa, á reitoral e outros elementos protexidos como o pombal que, estando no centro do núcleo, debería funcionar como un espazo libre, de reunión dos veciños, que alivie a presión nesta zona.

Cómpre ter en consideración ademais, a incidencia que o tráfico derivado da creación do aparcadoiro vai ter sobre o ámbito. Estamos ante unha vía interior dun NRT, cun trazado orgánico e de dimensións limitadas. Débese prever a necesidade de accesos cómodos ao aparcadoiro, así como situacións posibles de cambios de sentido ou cruce de vehículos. Por todo isto, considérase que o aparcadoiro deberá situarse nunha parcela algo máis afastada do centro do núcleo, como por exemplo nalgunha das parcelas baleiras ao redor do cemiterio que, estando próximas aos equipamentos aos que se pretende dar servizo, non supón un impacto tan importante sobre os bens catalogados.

Toda vez escollido o emprazamento idóneo para o aparcadoiro, deberanse definir as condicións de urbanización para o ámbito, de xeito que se cumpran as determinacións da LPCG para as actuacións nos contornos de protección dos bens catalogados. Empregaranse estratexias como o uso de vexetación autóctona ou solucións de pavimentación pouco robustas para amortecer o impacto do novo sistema xeral sobre o patrimonio cultural.

CONCLUSIÓN

O promotor deberá ter en consideración as anteriores observacións e suxestións na *Modificación puntual nº 2 do Plan xeral de ordenación municipal, Carballo*.

Unha vez aprobada inicialmente a modificación puntual, deberase solicitar o informe vinculante desta Consellería previsto no artigo 34 da LPCG, para o que se deberá achegar o documento debidamente dilixenciado.

Santiago de Compostela, 17 de abril de 2018

A directora xeral do Patrimonio Cultural

M^a Carmen Martínez Insua





INFORME RELATIVO AO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRÁTEXICA DA MODIFICACIÓN PUNTUAL NÚMERO 2 DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL, DO CONCELLO DE CARBALLO (EXPEDIENTE 2018AAE2187, CÓDIGO WEB 2066/2018).

INTRODUCCIÓN

Con data do 06.04.2018, a Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio comunica por correo electrónico á Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica que está a exposición pública na páxina web da Consellería (http://www.cmaot.xunta.gal/tema/c/CMAOT_Avaliacion_ambiental) o documento ambiental estratéxico e o borrador do seguinte plan:

Nome do plan: Modificación puntual núm. 2 do Plan Xeral de ordenación municipal, Carballo.

Promotor: Concello de Carballo

Órgano substantivo: Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.

Expediente: 2018AAE2187

Código web: 2066/2018

No correo solicítase se remitan as observacións e suxestións que se estimen oportunas en relación aos posibles efectos ambientais significativos do plan.

RESUMO DO PLAN

Esta modificación pretende a ordenación de catro vías en catro núcleos rurais: Loenzo de Arriba, Vivente, San Miguel e A Igrexa. O obxectivo é corrixir disfuncións nestes catro núcleos, modificando o seu trazado: no caso de Loenzo de Abaixo xurde como consecuencia da execución dunha nova vivenda durante a tramitación do PXOM (aprobado por Orde do 4 de febreiro de 2016); no caso de Vivente houbo un erro na delimitación dunha nova vía; e mellorar a mobilidade no caso de San Miguel e A Igrexa.

As modificacións non afectarán a capacidade residencial do PXOM, e non pretende a reclasificación do solo.

INFORME

Analizada a información dispoñible nesta unidade, no que respecta ao sector da acuicultura, informamos que:

1.- Establecementos de acuicultura mariña autorizados

Na zona terrestre, na zona marítimo-terrestre e na zona marítima non figuran autorizadas granxas





mariñas e criadeiros, parques de cultivo ou polígonos de viveiros, respectivamente.

2.- Establecementos de acuicultura continental

No ámbito do concello existen, en cambio, dúas instalacións de acuicultura continental segundo a Lei 7/1992, do 24 de xullo, de Pesca Fluvial (DOG nº 151 de 8 de agosto de 1992). As piscifactorías continentais se dedican ao cultivo de troita arco da vella (*Oncorhynchus mykiss*):

- Piscifactoría de Ermeade, de Isidro de la Cal Fresco S.L., en Ermeade.
- Piscifactoría Fariña Andrade, de Hermanos Fariña Andrade S.L., en A Revolta.

3.- Planificación da acuicultura

3.1. Con respecto a planificación actual da acuicultura, o Consello da Xunta de Galicia do 26 de maio de 2011 declarou a acuicultura como de interese público de primeiro orden e, posteriormente, o 18 de outubro de 2012 foi aprobada a Estratexia Galega da Acuicultura (ESGA) de cara a impulsar e promover o desenvolvemento da acuicultura en Galicia.

3.2. Mentres non se aprobe o Plan Director de Acuicultura Litoral (PDAL), a *Orde do 15 de marzo de 2012, conxunta das Consellerías de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, e do Medio Rural e do Mar, sobre réxime da avaliación ambiental dos establecementos de acuicultura na parte litoral da zona terrestre* establece o réxime aplicable para os establecementos en virtude da normativa vixente. No visor cartográfico do PDAL obsérvase que nun dos ámbitos afectados por esta modificación puntual, San Miguel de Vilela, está baixo o nivel de protección 3 dentro do marco de coherencia territorial do plan.

4.- Actuacións previstas

Das catro actuacións descritas, unha delas ten lugar no ámbito do PDAL que se circunscribe ao ámbito de xestión do Plan de Ordenación do Litoral (POL). Non obstante a modificación prevista non tería incidencia no sector acuícola nin no desenvolvemento actual da acuicultura no ámbito do concello.

Matilde Alonso Acosta
Servizo de Innovación Tecnolóxica da Acuicultura





ALTA DUN PLAN

► [Calidade e Avaliación ambiental](#) ► [Avaliación Ambiental](#) ► [Avaliación Ambiental Estratéxica](#) | [U](#)

MODIFICACIÓN DE PLANS

Aplicación de xestión da A.A.E.

SAÍR DA APLICACIÓN

Datos do plan ou programa na base de datos

Nome	Modificación puntual nº 2 do Plan xeral de ordenación municipal, Carballo
Tipoloxía	Outro planeamento urbanístico
Código	2066/2018
Expediente	2018AAE2187
Órgano promotor	
Órgano substantivo	Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo
Promotor	Concello de Carballo
Período de consulta	pechado
Plan ou programa en curso	en curso
Data de inicio do período de consulta	06/04/2018
Data de remate do período de consulta	06/06/2018
Comentarios	

Arquivos xa cargados

Tipo de documento	Nome do documento	Data	Ver documento
Documento de consultas	2018AAE2187_consultas_MP_n2_PXOM_Carballo.pdf	06/04/2018	
Borrador do plan	2018AAE2187_borrador_MP_n2_PXOM_Carballo.pdf	05/04/2018	
Documento ambiental estratéxico	2018AAE2187_DAE_MP_n2_PXOM_Carballo.pdf	05/04/2018	

Comentarios recibidos

Enderezo electrónico	
Organización	
Provincia	
Localidade	
Comentarios	EN LA MODIFICACION QUE SE PRETENDE LLEVAR A CABO EN LOENZO DE ABAIXO EN BERTOIA-CARBALLO NO SE TIENE EN CONSIDERACION LOS MOTIVOS PARA LA CONCESION DE LICENCIA DE OBRA REALIZADA A LA VIVIENDA AFECTADA ,PUESTO QUE SE CONCEDIO POR UN ACESO DE MI PROPIEDAD POR LO CUAL RUEGO SE ME EXPLIQUE LAS MODIFICACIONES QUE SE QUIEREN EFECTUAR Y LOS MOTIVOS POR LOS QUE SE CONCEDIO DICHA LICENCIA.
Enderezo electrónico	
Organización	
Provincia	
Localidade	
Comentarios	EL VIAL POR EL QUE SE COMENTA POR EL QUE SE HAN REALIZADO LA EJECUCION DE DICHA VIVIENDA NO HA SIDO UTILIZADO EN NINGUN MOMENTO PARA TAL FIN. POR QUE SE REDUCEN LAS DIMENSIONES DEL VIAL DE ACCESO A DICHA VIVIENDA

[Voltar á páxina principal](#)

ÍNDICE

TOMO III.a. ANÁLISE DO ASENTAMENT POBOACIONAL

PARROQUIA DE BÉRTOA. FICHA DO NÚCLEO LOENZO DE ABAIXO

TOMO VI.b. PLANOS DE ORDENACIÓN E CLASIFICACIÓN DO TERRITORIO. CLASIFICACIÓN DO SOLO

D-03'	CLASIFICACIÓN XERAL DO SOLO E SISTEMAS XERAIS
C-05'	CLASIFICACIÓN XERAL DO SOLO E SISTEMAS XERAIS
ARD-03'	PARROQUIA DE ARDAÑA. NÚCLEOS: CARRACEDO, VIVENTE
BERD-03'	PARROQUIA DE BERDILLO. NÚCLEOS: O ASENADO, CHACÍN, A REGUEIRA DE ARRIBA E DE ABAIXO, VILARNOVO
BERT-03'	PARROQUIA DE BÉRTOA. NÚCLEOS: LOENZO DE ABAIXO, LOENZO DE ARRIBA, A REGA, O RÍO DE LOENZO
VIL-01'	PARROQUIA DE VILELA. NÚCLEOS: CADAVAL, O CASTELO, O SALTO, SAN MIGUEL, AS TRAVESAS, VILELA

TOMO VIIIb. FICHAS

FICHA DE DESENVOLVEMENTO DA ACTUACIÓN SX-VI/AU22

FICHA DE DESENVOLVEMENTO DA ACTUACIÓN SX-VI/AU23

NÚCLEO: LOENZO DE ABAIXO	PARROQUIA: Bértoa	Santa María
---------------------------------	--------------------------	--------------------

DESCRIPCIÓN DO NÚCLEO:

TIPO DE NÚCLEO:	COMPLEXO	Nº HABITANTES: (Poboación de dereito segundo último censo)	132
-----------------	----------	---	-----

ESTRUTURA:

